Unha das tres candidatas aos Premios Lux do Cinema Europeo. Céline Sciamma, despois da moi notable "Tomboy", continúa traballando con actores novos elixidos dos seus castings na *banlieue*. Aquí, catro mozas afro-francesas en plena revolución contra unha sociedade hostil. É o reverso francés ao "Foxfire" de Joyce Carol Oates. E a súa viraxe progresiva cara á violencia está ben embridada pola sempre honesta Céline Sciamma.

## BELOVED SISTERS

## FICHA ARTÍSTICA:

Hannah Herzsprung, Henriette Confurius, Florian Stetter, Claudia Messner, Anne Schäfer, Simpática Maranow, Ronald Zehrfeld

## FICHA TÉCNICA

Dirección Dominik Graf      Producción Bavaria Film /

Guión Dominik Graf      WDR Westdeutscher

Fotografía Michael Wiesweg      Rundfunk

## DATOS TÉCNICOS

Alemaña / 2014 / 170 min. / drama



## PREMIOS

**Festival de Berlín 2014 / sección oficial longametraxes a concurso**

**SINOPSE** 1788 en Rudolstadt, unha pequena cidade rural de Alemaña, a fermosa Caroline von Beulwitz está infelizmente casada, anhelando amar e vivir. Charlotte von Lengefeld, a súa tímida irmá, soña con atopar un marido. As dúas son un só corazón e unha soa alma, ata que el entra nas súas vidas: Friedrich Schiller, o home que se converteu nunha sensación da noite para a mañá, e adaiñ dos ideais republicanos protorrevolucionarios. Durante o cálido verán, as dúas mulleres compiten por el.

Dominik Graf recrea o trío amoroso que conforman o poeta Schiller e dúas irmás nunha prodixiosa celebración da sensualidade libre. Asistimos a un filme que funciona, con insólito atrevemento, como en tres movementos, o do crescendo da sedución, o do climax do desexo e o da fragmentación das relacións desgastadas. Viuse en Berlín e esta de Cineuropa é a súa estrea absoluta en España.

**BLIND****FICHA ARTÍSTICA**

Ellen Dorrit Petersen, Vera Vitali, Henrik Rafaelsen,  
Marius Kolbenstvedt

**FICHA TÉCNICA**

Dirección Eskil Vogt	Fotografía Thimios Bakatakis
Guión Eskil Vogt	Producción
Música Henk Hofstede	Lemming Filme / Motlys

**DATOS TÉCNICOS**

Noruega / 2014 / 96 min. / drama

**PREMIOS**

**Festival Sundance 2014** / mellor guión (World Cinema)

**Festival de Berlín 2014** / mellor película europea

**SINOPSE** Narra a historia dunha muller chamada Ingrid, que tras quedar cega decide volver ao seu fogar en busca de tranquilidade.

Unha das triunfadoras no tour de festivais do 2014. Gañou mellor guión en Sundance e mellor película europea en Berlín co seu singular ensaio sobre a cegueira dunha muller casada, medorenta do seu novo estado e, máis alá diso, con medo ás súas fantasías sensuais, ao seu propio corpo, ás súas visións na escuridade.

**CAVALO DINHEIRO****FICHA TÉCNICA**

Dirección Pedro Costa	Produción
Guión Pedro Costa	Sociedade Óptica Técnica
Fotografía Leonardo Simões	

**DATOS TÉCNICOS**

Portugal / 2014 / 104 min. / documental

**PREMIOS**

**Festival de Locarno 2014** / mellor director

**SINOPSE** Mentres os novos capitáns levan a revolución nas rúas, a xente das Fontainhas busca a Ventura, perdido no bosque.

O noso premio Cineuropa 2012 retoma a súa personaxe telúrica, Ventura, ao que xa coñecemos en "Juventude em marcha" ou en "Centro Histórico", nun exercicio de cinema da memoria, asentada sobre os días da Revolución dos Caraveis, e de cinema do porvir. E de novo, Lisboa, e o universo de Fontainhas, como microcosmos preclaro sobre o cal Pedro Costa compón outro manifesto de imaxes e reflexos poéticos e políticos como nados dunha descoñecida dimensión.

**CLASS ENEMY****FICHA ARTÍSTICA**

Igor Samobor, Natasa Barbara Gracner,  
Tjsa Zeleznik, Masa Derganc, Robert Prebil,  
Voranc Boh, Jan Zupancic, Dasa Cupevski

**FICHA TÉCNICA**

Dirección Rok Bicek	Fotografía Fabio Stoll
Guión Nejc Gazvoda,	Producción Triglav Filme
Rok Bicek, Janez Lapajne	

**DATOS TÉCNICOS**

Eslovenia / 2013 / 112 min. / drama  
Título orixinal Razredni sovraznik

**PREMIOS**

**Festival de Venecia 2013** / mellor película da Semana da Crítica

**SINOPSE** A unha clase de instituto chega un profesor autoritario que fai saltar polo aire a rutina dos alumnos mediante tensións e conflitos.

Este filme esloveno conseguiu visibilidade ao gañar a Semana da Crítica en Venecia. E a partir de aí iniciou a súa ruta triunfal por unha decena de festivais europeos até a súa candidatura aos Premios Lux. Ofrece unha vertente crúa do cinema "de aulas". Aquí non hai club de poetas mortos nin profesor Keating. Unha alumna que se suicida, un titular de alemán que pasa por déspota obsesionado con Thomas Mann. Un cabeza de turco. Outra das firmes candidatas a gañar neste XXVIII Cineuropa.

**DEUX JOURS, UNE NUIT**

**DOS DÍAS, UNA NOCHE / DOUS DÍAS, UNHA NOITE**

**FICHA ARTÍSTICA**

Marion Cotillard, Fabrizio Rongione, Catherine Salée,  
Olivier Gourmet, Christelle Cornil

**FICHA TÉCNICA**

Dirección Jean-Pierre Dardenne, Luc Dardenne	Fotografía Alain Marcoen
Guión Jean-Pierre Dardenne, Luc Dardenne	Coprod. Bélxica-Francia, Les Films du Fleuve,
Archipel 35	

**DATOS TÉCNICOS**

Bélxica / 2014 / 95 min. / drama

**PREMIOS**

**Festival de Cannes 2014** / sección oficial longametraxes a concurso  
**Seminci de Valladolid 2014** / sección oficial longametraxes a concurso

**SINOPSE** Sandra dispón só dunha fin de semana para ir ver os seus colegas e convencerlos de que renuncien á súa paga extraordinaria para que ela poida conservar o seu traballo. O seu marido acompaña para apoiála.

Os irmáns Dardenne fan unha excepción e incorporan ao seu cinema a unha estrela como Marion Cotillard. Pero é a Cotillard a que baixa ao asfalto, á loita feroz por manter a solidariedade e o sentido de clase no medio do capitalismo canibal que che di que ti serás o próximo en caer. Cinema político directo, con menos abstracción e máis necesidade de golpear con urxencia as consciencias.

## KREUZWEG STATIONS OF THE CROSS

### FICHA ARTÍSTICA

Lea van Acken, Franziska Weisz, Florian Stetter,  
Ramin Yazdani, Hanns Zischler, Birge Schade,  
Anna Brüggemann, Michael Kamp, Sven Taddicken

### FICHA TÉCNICA

Director Dietrich Brüggemann Producción Ufa Cinema  
Guión Dietrich Brüggemann,  
Anna Brüggemann

### DATOS TÉCNICOS

Alemaña / 2014 / 107 min. / drama



### PREMIOS

**Festival de Berlín 2014** / mellor guión

**Seminci de Valladolid 2014** / Espiga de Prata, premio FIPRESCI  
da crítica internacional e premio do xurado novo na sección oficial

**SINOPSE** María atópase atrapada entre dous mundos. No colexio, esta moza de 14 anos ten os típicos intereses dunha adolescente, pero cando está na súa casa debe seguir os ditados da Sociedade de San Pío XII e a súa tradicional interpretación do catolicismo. Todo o que María pensa e fai debe ser examinado ante Deus.

Podería establecerse algunha comparación co "Camino" de Fésler pero sen ambigüidade ningunha. Non hai aquí piedade para contarnos, en doce estacións, o vía crucis dunha adolescente para a cal o integrisimo só entende a paz a través da dor e a autoinmolación. Imprescindible.

## L'ENLÈVEMENT DE MICHEL HOUELLEBEÇQ EL SECUESTRO DE MICHEL HOUELLEBEÇQ / O SECUESTRO DE MICHEL HOUELLEBEÇQ

### FICHA ARTÍSTICA

Michel Houellebecq, Mathieu Nicourt, Maxime Lefrançois,  
Luc Schwarz, François Lebrun, Ginette Suchotzky,  
André Suchotzky

### FICHA TÉCNICA

Dirección Guillaume Nicloux Fotografía Christophe Offenstein  
Guión Guillaume Nicloux Producción Les Films du Worslo

### DATOS TÉCNICOS

Francia / 2014 / 93 min. / drama



### PREMIOS

**Festival de Tribeca 2014** / mellor guión e mención especial do xurado

**SINOPSE** Setembro do 2011. Na metade da xira promocional da súa última novela *O mapa e o territorio*, o escritor Michel Houellebecq (gañador do premio Goncourt de 2010 e autor de libros tan celebrados como *A posibilidade dunha illa*) desaparece. Os disparatados rumores sobre a súa desaparición propáganse a través da rede: pénsase nun secuestro de Al-Qaeda ou nunha abducción por parte de extraterrestres. Algunhas fontes chegan a confirmar a súa morte.

De como un escritor de culto pode prestarse a protagonizar unha das películas de comicidade máis desatada do cinema europeo do 2014. A partir da desaparición na vida real de Michel Houellebecq, esta película fabula o seu secuestro, que é como un "atraco ás tres" con coartada intelectual. Vitalista, mordaz, euforizante.

## LA CHAMBRE BLEUE LA HABITACIÓN AZUL / O CUARTO AZUL

### FICHA ARTÍSTICA

Mathieu Amalric, Léa Drucker, Laurent Poitrenaux,  
Stéphanie Cléau, Mona Jaffart

### FICHA TÉCNICA

Dirección Mathieu Amalric	Música Grégoire Hetzel
Guión Mathieu Amalric	Fotografía Christophe Beaucarne
(novela: Georges Simenon)	Producción Alfama Films

### DATOS TÉCNICOS

Francia / 2014 / 76 min. / intriga



### PREMIOS

**Festival de Cannes 2014** / sección oficial ("Un Certain Regard")

**SINOPSE** Un home e unha muller, namorados en segredo, sós nun cuarto. Deséxanse, quérense, mesmo se morden un ao outro. Despois do amor, intercambian algunhas palabras anónimas, ou polo menos así o cre o home. Pero agora, sometido á investigación da policía e os tribunais, Julien non atopa as palabras: "A vida é diferente cando a vives que cando a contas despois". Que sucedeu? De que se lle acusa?

Mathieu Amalric non é só un dos máis colosais actores europeos deste tempo. Tamén hai que seguilo cando fai incursións como director. Aquí filma, interpreta e guioniza a adaptación dunha das máis coñecidas novelas de Simenon. Un arranque de sexualidade directa, salvaxe, ardente. E, de seguido, a fría irracionalidade dun asasinato, dun proceso de investigación policial tan entomolóxico como detallado foi o encontro, a batalla física de dous corpos *on fire*.

## LA FRENCH

### FICHA ARTÍSTICA

Jean Dujardin, Gilles Lellouche, Céline Sallette,  
Benoît Magimel, Guillaume Gouix, Pauline Burlet,  
Eric Godon, Mélanie Doutey, Xavier Alcan, John Flanders

### FICHA TÉCNICA

Dirección Cédric Jimenez	Música Guillaume Roussel
Guión Cédric Jimenez,	Fotografía Laurent Tangy
Audrey Diwan	Producción Gaumont

### DATOS TÉCNICOS

Francia / 2014 / 135 min. / drama



**SINOPSE** Pierre é un maxistrado recentemente chegado á conflictiva Marsella. Enérxico e ambicioso, a súa misión será acabar coa imbatible estrutura do narcotráfico local, controlada polo perigoso e intocable Gaetan Zampa.

Unha mostra do poderío económico do cinema francés, esta viaxe no tempo até a Marsella dos anos 70 do século pasado, o tempo en que a cidade costeira era capital do crime organizado (a French Connection, á que Hollywood lle puxo a cara de Fernando Rei) posúe a solidez dunha *criminal movie* de Scorsese. Jean Dujardin é o fiscal xeral, o Elliot Ness galo deste thriller opulento, nada compracente nas súas arestas de ferinte denuncia política.

## LA TRATTATIVA

## FICHA ARTÍSTICA

Sabina Guzzanti, Enzo Lombardo, Ninni Bruschetta,  
Filippo Luna, Franz Cantalupo, Claudio Castrogiovanni

## FICHA TÉCNICA

Dirección Sabina Guzzanti      Producción Secol Superbo  
Guion Sabina Guzzanti              e Sciocco Produzioni /  
Fotografía Daniele Cipri              QMedia

## DATOS TÉCNICOS

Italia / 2014 / 108 min. / documental



**SINOPSE** Documental que denuncia a complicada e interesada relación-negociación entre política e mafia en Italia, narrando os episodios máis relevantes destas tensas relacións na chamada "stagione delle bombe"; entre 1992 e 1993.

Queremos tanto a Sabina Guzzanti! Porque leva na brecha, no combate infatigable contra Berlusconi e os seus tentáculos desde que este se apoderou de Italia. En Cineuropa celebramos en 2004 o seu "Viva Zapatero". E agora, cando Il Cavaliere por fin declinou, saboreamos este rigoroso, abafador documento que ata sen parar cabos, para entrelazar a mafia e o estado; as bombas que acabaron cos xuíces Falcone e Borsellino e o sistema político; a Berlusconi, claro; e mesmo a Napolitano, actual presidente da República. Non deixa monicreque con cabeza "La Trattativa".

## LAS ALTAS PRESIONES

## FICHA ARTÍSTICA

Andrés Gertrúdx, Itsaso Arana, Diana Gómez,  
Juan Blanco, Marta Pazos, Hugo Torres, Xavier Deive,  
Iván Marcos, Fernando Epelde

## FICHA TÉCNICA

Dirección Ángel Santos              Fotogr. Alberto Díaz Bertitxi (A.E.C.)  
Guion Ángel Santos                  Producción Daniel Froiz

## DATOS TÉCNICOS

España / 2014 / 81 min. / drama



**SINOPSE** Miguel viaxa á súa cidade natal co encargo de rexistrar as localizacións para unha película. Tratará de levar a termo o seu traballo aínda que case sempre prefira gravar os paisanos cos que se atopa, os movementos e os rostros dos seus amigos, os trens pasando ou o mar. A súa viaxe ofrece-lle unha nova perspectiva sobre a súa situación e tamén a posibilidade dun novo amor.

Ángel Santos é cineasta pleno desde aquela curta na que adaptaba a Chejov, "O cazador". Agora chega desde Pusan para celebrar en Cineuropa a súa segunda longa, "Las altas presiones", que fala de [des]amores e [des]arraigamentos, de cinefilias sobreviventes, de paixóns carbonizadas. Sen estrondos, coa estilización e a elegancia marca da casa.

## LE MERAVIGLIE

## FICHA ARTÍSTICA

Maria Alexandra Lungu, Sam Louwyck, Alba Rohrwacher,  
Sabine Timoteo, Agnese Graziani, Monica Bellucci

## FICHA TÉCNICA

Dirección Alice Rohrwacher	Fotografía H��l��ne Louvart
Gui��n Alice Rohrwacher	Producci��n
M��sica Piero Crucitti	Tempesta / Rai Cinema

## DATOS T  CNICOS

Italia / 2014 / 110 min. / drama



## PREMIOS

**Festival de Cannes 2014 / gran premio do xurado**

**SINOPSE** Remata o ver  n nunha vila na Umbria. Gelsomina vive cos seus pais e as s  as tres irm  s pequenas nunha granxa medio desfeita onde producen mel. As mozas medran afastadas de todos, pois o seu pai cre que se achega a fin do mundo e prefire o contacto coa natureza. Con todo, as regras estritas que os mante  n unidos fanse m  is fr  xiles coa chegada de Martin, un mozo delincuente enviado por un programa de reinserci  n, e a gravaci  n dun xogo de televisi  n, "Village Wonders", que invade a rexiti  n.

A gran sorpresa de Cannes, co Gran Premio do Xurado para a italiana Alice Rohrwacher. Unha familia que vive en comuna, afastada da sociedade de consumo. E a invasiva chegada dun *reality show* que ten como musa a Monica Bellucci.

## LEVIATHAN

## FICHA ARTÍSTICA

Vladimir Vdovichenkov, Elena Lyadova, Aleksey Serebryakov,  
Anna Ukolova, Roman Madyanov, Lesya Kudryashova

## FICHA T  CNICA

Direcci��n Andrei Zvyagintsev	Gui��n Oleg Negin,
Fotograf��a Mikhail Krichman	Andrey Zvyagintsev

## DATOS T  CNICOS

Rusia / 2014 / 141 min. / drama

T  tulo orixinal *Leviatan*



## PREMIOS

**Festival de Cannes 2014 / mellor gui  n**

**SINOPSE** Kolia vive nunha aldeia    beira do mar de Barents, ao norte de Rusia. Ten un taller de mec  nica a car  n da s  a casa, onde vive coa s  a nova esposa, Lylia, e o seu fillo Romka, froito dunha relaci  n anterior. O alcalde, Vadim Sergejich, desexa apropiarse do terreo de Kolia, da s  a casa e do seu taller, para realizar os seus proxectos. Primeiro tenta comprar o terreo, pero Kolia non soporta a idea de perder todo o que pos  e, non soamente o terreo, sen  n a beleza que o rodea desde que naceu.

Zvyagintsev, a  nda pr  xima a s  a excepcional "Elena", trasl  danos a unha paraxe da Rusia profunda. Un lago, unha harmon  a resgada pola apareci  n dese novo poder que encarna a violencia das novos xerarcas dun estado mafioso. Como se Capone puxese as s  as sucias mans sobre as notas brancas. En Cannes levou s  o o mellor gui  n. Merec  a moito m  is.

**MARIE HEURTIN**LA HISTORIA DE MARIE HEURTIN /  
A HISTORIA DE MARIE HEURTIN

## FICHA ARTÍSTICA

Isabelle Carré, Ariana Rivoire,  
Brigitte Catillon, Laure Duthilleul

## FICHA TÉCNICA

Dirección	Jean-Pierre Améris	Fotografía	
Guión	Jean-Pierre Améris, Philippe Blasband	Virginie Saint-Martin	Producción
		Escazal Films	

## DATOS TÉCNICOS

Francia / 2014 / 95 min. / drama



## PREMIOS

**Seminci de Valladolid 2014** / sección oficial longametrxes a concurso  
**Festival Locarno 2014** / premio do público

**SINOPSE** Película inspirada nos feitos reais que sucederon a finais do século XIX e que tiveron como protagonista á nova Marie que, incapaz de comunicarse ao ser xorda, muda e cega, foi recluída polos seus pais nun asilo a cargo de relixiosas.

Nada que ver con "El milagro de Anna Sullivan" nin con "La canción de Bernardette". Esta película de Jean Pierre Améris propón un nada trampo-oso exercicio de achegamento dramático á minusvalía, onde o relixioso é só pano de fondo dun drama con gran actriz francesa dentro –Isabelle Carré, que traballou con Resnais ou Tavernier, entre outros– e premio nun festival do prestixio autorial de Locarno.

**MISS JULIE**

## FICHA ARTÍSTICA

Jessica Chastain, Colin Farrell,  
Samantha Morton, Nora McMenamy

## FICHA TÉCNICA

Dirección	Liv Ullmann	Coprodución	
Guión	Liv Ullmann	Reino Unido-Noruega;	
(obra: August Strindberg)		Wild Bunch / Maipo Filme /	
Música	Arve Tellefsen,	The Apocalypse Films	
	Havard Gimse, Truls Mørk	Company / Media	
Fotografía	Mikhail Krichman	House Capital	

## DATOS TÉCNICOS

Reino Unido / 2014 / 129 min. / drama  
 Título orixinal Fröken Julie



## PREMIOS

**Seminci de Valladolid 2014** / sección oficial longametrxes a concurso

**SINOPSE** Dirixida por Liv Ullman, esta nova adaptación do clásico teatral de August Strindberg narra a historia da filla dun rico terratenente que seduce ao seu criado durante a noite de San Xoán.

Liv Ullman demostrou todo o que a vida lle permitiu empaparse de sabedoría fílmica nas abafadoras "Infiel" e "Confesiones privadas". A súa adaptación da obra de Strindberg, coa de Mike Figgis aínda no recordo, é un prodixio de dominio da linguaxe, do plano como campo de batalla hormonal, da tensión dramática que atesouran os seus tres actores en estado de graza: Jessica Chastain, espida de artificios, desgarrada polos corpiños da súa clase; Colin Farrell, o mordomo infiel; e Samantha Morton, ex moza Coixet, que chega a última á función pero non para pasar desapercibida.

**MR. TURNER****FICHA ARTÍSTICA**

Timothy Spall, Jamie Thomas King, Roger Ashton-Griffiths,  
Robert Portal, Lasco Atkins, John Warman

**FICHA TÉCNICA**

Dirección Mike Leigh	Producción Focus Features
Guión Mike Leigh	International (FFI) /
Música Gary Yershon	Filme4 / Thin Man Films /
Fotografía Dick Pope	Xofa Productions

**DATOS TÉCNICOS**

Reino Unido / 2014 / 149 min. / drama

**PREMIOS**

**Festival de Cannes 2014** / mellor actor (Spall)

**SINOPSE** “Mr. Turner” narra vinte e cinco anos da existencia do pintor británico, J. M. W. Turner [1775-1851]. Artista recoñecido, membro apreciado, e disipado, da Royal Academy of Arts, vive co seu pai, que tamén é o seu asistente, e coa súa fiel ama de chaves. É amigo de aristócratas, visita bordeis e viaxa frecuentemente en busca de inspiración. A pesar da súa fama, tamén é vítima das burlas do público e do sarcasmo da sociedade. O falecemento do seu pai aféctalle profundamente, e Turner illase. A súa vida cambia cando coñece a Mrs. Booth, propietaria dunha pensión familiar á beira do mar.

Mike Leigh pincela un biopic nada convencional. A mirada en detalle da vida do pintor británico perfila a un ser nada admirable, un personaxe incapacitado para o amor e groseiro no seu trato coas mulleres. Posúe o don de crear lenzos, tan obsesionado pola luz dos crepúsculos ou dos menceiros como remiso a unha caricia humana. Timothy Spall, actor fetiche de Leigh, gañou o premio ao mellor actor en Cannes e moi probablemente leve o Oscar.

**NEGOCIADOR****FICHA ARTÍSTICA**

Ramón Barea, Josean Bengoetxea, Carlos Areces,  
Melina Matthews, Jons Pappila, María Cruickshank,  
Óscar Ladoire, Raúl Arévalo, Secun de la Rosa,  
Alejandro Tejería, Santi Ugalde, Gorka Aguinagalde

**FICHA TÉCNICA**

Dirección Borja Cobeaga	Producción Sayaka
Guión Borja Cobeaga	Producciones Audiovisuales /
Música Aránzazu Calleja	Telecinco Cinema
Fotografía Jon D. Domínguez	

**DATOS TÉCNICOS**

España / 2014 / 80 min. / comedia

**FESTIVAIS**

**San Sebastián 2014** / estrea na sección Zabaltegi

**SINOPSE** Manu Aranguren, un político vasco, exerce de interlocutor do goberno español nas negociacións con ETA. Lonxe de ser un acto solemne e calculado, axiña se verá que as casualidades, os erros ou os malentendidos marcarán o diálogo entre ambas as partes. E que a relación persoal entre negociadores será clave para a resolución do conflito... Comedia baseada nas negociacións entre o presidente do PSE vasco, Jesús Eguiguren, e ETA en 2005 e 2006.

Borja Cobeaga, guionista de “Ocho apellidos vascos” e un dos pais do programa de humor da ETB “Vaya semanita” atrevese a abordar o fracaso do proceso de paz do 2005, co goberno socialista. E a súa vía é a dun humor suave, terço, case costumista. Situacións de comicidade que rompen a estratexia da tensión. Enviados do goberno e de ETA que comparten cervexas e ven o partido de fútbol no cuarto dun hotel. Humor, si. E, de fondo, o agrídice fracaso. E actores agudos como Ramón Barea ou Carlos Areces.

## O VELHO DO RESTELO

### EL VIEJO DE BELÉN / O VELLO DE BELÉN

#### FICHA ARTÍSTICA

Ricardo Trêpa, Diogo Dória, Luís Miguel Cintra, Júlia Buisel

#### FICHA TÉCNICA

Dirección **Manoel de Oliveira**      Fotografía **Renato Berta**  
 Guión **Manoel de Oliveira**      Produción **Epicentre Films /**  
 (historia curta: Machado de Assis)      **O Som e a Fúria**

#### DATOS TÉCNICOS

Portugal / 2014 / 19 min. / curtametraxe



**SINOPSE** É un mergullo libre e sen esperanza na Historia tal e como a coñecemos, como un sedimento fértil, na memoria de Manoel de Oliveira. Nun banco de xardín do século XXI reúnense varios personaxes e escritores históricos: don Quixote, o poeta Luís Vaz de Camões, o poeta Teixeira de Pascoaes e o romántico Camilo Castelo Branco. Xuntos, levados polos movementos telúricos do pensamento, deambulan entre o pasado e o presente, derrotas e glorias, vacuidade e aliñación, en procura da inaccesible estrela.

Manoel de Oliveira, o noso premio Cineuropa de 2003, cando só tiña 95 anos, regálanos a súa obra máis recente. Un brote da súa imaxinación, filmado na traseira da súa casa do Porto, aos seus case 106, con Don Quixote, Castelo Branco e Luís de Camões reflexionando nun diálogo que estira a lenda de Manoel.

## PARTY GIRL

#### FICHA ARTÍSTICA

Angélique Litzenburger, Joseph Bour, Mario Theis, Samuel Theis, Séverine Litzenburger, Cynthia Litzenburger

#### FICHA TÉCNICA

Dirección **Claire Burger, Samuel Theis**  
 Marie Amachoukeli-Barsacq, Música **Alexandre Lier,**  
**Claire Burger, Samuel Theis**      **Sylvain Ohrel, Nicolas Weil**  
 Guión **Julien Poupard**  
 Marie Amachoukeli-Barsacq, Produción **Elzévir Films**

#### DATOS TÉCNICOS

Francia / 2014 / 95 min. / drama



#### PREMIOS

**Festival de Cannes 2014 / mellor ópera prima e mellor reparto**

("Un Certain Regard"). Cámara de Ouro a novos realizadores

**Festival de Xixón 2014 / sección oficial longametraxes a concurso**

**SINOPSE** Angélique ten 60 anos. Gústalle aínda a festa e ama aínda aos homes. Pola noite, para vivir, failles beber nun cabaret próximo á fronteira alemá. Co tempo, os clientes escasean e acepta casar cun asiduo, Michel. Retrato dunha muller libre que elixiu vivir a súa vida na marxe da sociedade convencional.

A actriz que encarna a esta muller de 60 anos que vive das copas que comparte nun cabaret con outros corazóns solitarios é a mesma Angélique do drama, a personaxe real deste drama que foxe da sordidez para apostar polo vitalismo. E é a nai dun dos tres directores do filme que gañou en Cannes nada menos que a Cámara de Ouro ao novo realizador.

## PHOENIX

## FICHA ARTÍSTICA

Nina Hoss, Ronald Zehrfeld, Uwe Preuss, Nina Kunzendorf

## FICHA TÉCNICA

Dirección Christian Petzold	Fotografía Hans Fromm
Guión Christian Petzold, Harun Farocki	Producción Schramm Filme
Música Stefan Will	Koerner & Weber

## DATOS TÉCNICOS

Alemaña / 2014 / 110 min. / drama



## PREMIOS

**Festival de San Sebastián 2014** / sección oficial de longametraxes

**SINOPSE** Unha cantante é traizoada e enviada a un campo de concentración. Ao finalizar o seu calvario, volve coa cara totalmente desfigurada e pide a un eminente cirurxián que lla reconstrúa para que sexa o máis parecida a como era antes. Recuperada da operación empeza a buscar ao seu marido, un pianista. Pero o reencontro non é o que ela agardaba.

Christian Petzold, de quen hai dous anos vimos "Bárbara", protagonizada xa pola formidable Nina Hoss, ofrece unha obra que trae resonancias de títulos de culto como "Los ojos sin rostro" de Franju ou o hitchcockiano "Vértigo". Unha melodrama sublimado, con *amour fou* egresado de entre os mortos. Un cabaret de onírica beleza. E unha poderosa metáfora sobre a amnesia ante os horrores dos sistemas totalitarios. Unha das máis fermosas e perturbadoras historias de amor contadas neste 2014.

PLEMYA  
THE TRIBE

## FICHA ARTÍSTICA

Grigoriy Fesenko, Yana Novikova, Rosa Babiy,  
Alexander Dsiadevich, Yaroslav Biletskiy, Ivan Tishko,  
Alexander Osadchii, Alexander Sidelnikov, Alexander Panivan

## FICHA TÉCNICA

Dirección Miroslav Slaboshpitsky	Coprod. Ucraína-Países Baixos; Garmata Film Production / Hubert Bals Fund/ Myrek Films /
Guión Miroslav Slaboshpitsky	Rinat Akhmetov's Foundation
Fotografía Valentyn Vasyanovych	"Development of Ukraine" / Ukrainian State Film Agency

## DATOS TÉCNICOS

Ucraína / 2014 / 130 min. / drama



## PREMIOS

**Festival de Cannes 2014** / mellor película (Semana da crítica)

**SINOPSE** Un adolescente xordo ingresa nun internado especial onde, para sobrevivir, ten que formar parte dunha organización salvaxe, a Tribo. O seu amor por unha das concubinas do xefe levarao a romper todas as regras non escritas na xerarquía da Tribo.

Non é cómoda esta película ucraína que levou a Semana da Crítica en Cannes. O silencio do internado de xordomudos non é pacífico. A lei da xungla, a aniquilación do máis débil, ou do solitario. Sen un berro. Coa violencia soterrada que si provoca arreigozo na butaca.

## SAINT LAURENT

## FICHA ARTÍSTICA

Gaspard Ulliel, Léa Seydoux, Louis Garrel,  
Valeria Bruni Tedeschi, Jérémie Renier,  
Jasmine Trinca, Amira Casar

## FICHA TÉCNICA

Dirección Bertrand Bonello      Fotografía Josée Deshaies  
Guión Thomas Bidegain,      Producción EuropaCorp /  
Bertrand Bonello              Mandarin Cinéma  
Música Bertrand Bonello

## DATOS TÉCNICOS

Francia / 2014 / 135 min. / drama



## PREMIOS

**Festival de Cannes 2014** / sección oficial longametraxes a concurso

**SINOPSE** Biopic do deseñador francés Yves Saint Laurent (1936-2008).

Esquézanse dun biopic ao uso. Por algo, a parella de Yves Saint Laurent, Pierre Berge, desautorizou esta cenital película na que Bertrand Bonello perfila a figura do acrisolado creador de modas como a dun príncipe deido rei tolo, que comeza colocándose con chocolate en tabletas e culmina ou seu ascenso e caída como un decadente politoxicómano. Un filme provocador, omnisciente, como unha ópera magna de resonancias viscontianas, moi próxima ao "Ludwig" (anoten a presenza, non casual, dun decrépito Helmut Berger no reparto). E, xunto a ela, un "foco Bonello" onde poderán coñecer máis do autor de "L'Apollonide".

## SAMBA

## FICHA ARTÍSTICA

Omar Sy, Charlotte Gainsbourg, Tahar Rahim,  
Izia Higelin, Yilin Yang, Jules Abel Logel

## FICHA TÉCNICA

Dirección Olivier Nakache,      Fotografía Stéphane Fontaine  
Eric Toledano                      Producción Gaumont /  
Guión Olivier Nakache,      Quad Productions / Ten Films  
Eric Toledano

## DATOS TÉCNICOS

Francia / 2014 / 115 min. / comedia



## PREMIOS

**Festival de San Sebastián 2014** /  
sección oficial de longametraxes [clausura]

**SINOPSE** Samba chegou a Francia hai 10 anos, desde Senegal, e desde aquela pasou por varios empregos humildes. Alice é unha executiva que está a pasar unha mala época na súa vida, e sofre de esgotamento. Ambos loitan por saír do seu particular e persoal camiño sen saída. Samba está disposto a facer o que sexa necesario para conseguir os papeis, mentres que Alice tenta recuperar a súa vida ata que o destino os xunta. Equilibrando momentos desenfadados con sentimentos máis profundos, Samba é unha historia sobre dous estraños nun novo rumbo cara á felicidade.

Os directores de "Intocable" reinterpretan a súa fórmula da "buddy-movie" á francesa. Repiten con Omar Sy, debido xa *sex-symbol mainstream*. Pero recorren a un dos tótems do cinema convulso, nada menos que Charlotte Gainsbourg. quen se atreve a quedar sen saber se a Gainsbourg sae indemne do festín da tenrura? Clausurou a pasada edición do Festival de San Sebastián.

## THE CASANOVA VARIATIONS

### FICHA ARTÍSTICA

John Malkovich, Veronica Ferres, Florian Boesch, Miah Persson, Victória Guerra, Maria João Bastos, Anna Prohaska, Kate Lindsey, Kerstin Avemo, Barbara Hannigan, Topi Lehtipuu, Tracy-Ann Oberman, Fanny Ardant, Jonas Kaufmann, Lola Naymark

### FICHA TÉCNICA

Dirección	Michael Sturminger	Francia-Alemaña;
Guión	Michael Sturminger,	Alfama Films / Amour Fou
Markus Schleinzner		Filmproduktion /
Fotografía	André Szankowski	Amour Fou Vienna /
Producción	Paulo Branco	Construction Film /
Coproducción	Austria-	X-Filme Creative Pool

### DATOS TÉCNICOS

Austria / 2014 / 118 min. / drama



### PREMIOS

**Festival de San Sebastián 2014** / sección oficial de longametraxes

**SINOPSE** John Malkovich é o protagonista da única película que captura o mito do maior sedutor de todos os tempos, Casanova. Baseada n'A historia da miña vida de Giacomo Casanova, con arias de W. A. Mozart e Lorenzo da Ponte. A súa historia é narrada tanto a través da ficción como con interpretacións teatrais que desvelan o relato das súas aventuras, paixóns e, sobre todo, o seu medo á morte.

John Malkovich é Giacomo Casanova, o libertino veneciano, tamén é o Don Giovanni da ópera de Mozart. E é el mesmo, o actor ao que entre bambolinas unha dama lle confesa que desde o seu papel en "Las amistades peligrasas" é para ela a súa fantasía sexual predilecta. Ópera, teatro, vodevil, humor, e Malkovich presidindo o precioso xoguete, entrando e saíndo de escena, da ficción ou da realidade, sempre libertinas. Produce o imprescindible Paulo Branco ao que rendemos tributo.

## THE SMELL OF US

### FICHA ARTÍSTICA

Niseema Theillaud, Valérie Maës, Dominique Frot, Lukas Ionesco, Diane Rouxel, Philippe Rigot, Théo Cholbi, Laurence Bibot, Hugo Behar-Thinières, Ben Yaiche Ryan, Jean-Christophe Quenon, Rad Hourani, Jean de Loisy, Christophe Beudet, Adrien Binh Doan, Terin Maxime, Marc Zaffuto Fechoz

### FICHA TÉCNICA

Dirección	Larry Clark	Polaris Film Production
Guión	Mathieu Landais	& Finance / Morgane
Fotografía	Hélène Louvart	Production / Polygester
Coproducción	Francia-Bélxica /	

### DATOS TÉCNICOS

Francia / 2014 / 92 min. / drama



### FESTIVAIS

**Festival de Venecia** / Sección Orizzonti

**SINOPSE** Narra as vivencias dun grupo de patinadores autodestrutivos na cidade de París. Adolescentes que viven o sexo, as emocións, cunha escala de valores complexa e conflitiva, afastados de equilibrios convencionais.

Larry Clark é o retratista das xeracións de adolescentes do No Future e o empeño autodestrutivo. "Kids", "Bully" ou "Ken Park" son puñeteiros fitos que, moito máis alá da provocación banal, o prefiguran case como un pasoliniano cronista fascinado polos mozos do arrabalde da sociedade preapocalíptica do século XXI. Por iso, porque é seguro que nos Estados Unidos non se tolerarían ata ese punto extremo os seus desexos de radicalidade ao mostrar o sexo, o seme, a suor, a fatiga de vivir, é que Clark se exiliou en Francia. E de aí nace esta obra onde ese nihilismo dos corpos alcanza unha explicitude coherente e vívida, sórdida e poética ao tempo. Fastuosa.

## TURIST

## FICHA ARTÍSTICA

Johannes Bah Kuhnke, Clara Wettergren,  
Lisa Loven Kongsli, Vincent Wettergren

## FICHA TÉCNICA

Dirección Ruben Östlund	Producción Plattform
Guión Ruben Östlund	Produktion / Filme I Vast /
Fotografía Fredrik Wenzel,	Swedish Filme Institute /
Fred Arne Wergeland	Essential Filmproduktion

## DATOS TÉCNICOS

Suecia / 2014 / 100 min. / drama  
Título orixinal Tourist (Force Majeure)



## PREMIOS

**Festival de Cannes 2014** / premio do xurado ("Un Certain Regard")

**SINOPSE** Unha familia pasa as vacacións de inverno nos Alpes. O sol brilla e as pistas están magníficas, pero cando xantan nun restaurante, prodúcese unha avalancha. Os clientes do restaurante asústanse, Ebba, a nai, chama ao seu home Tomas para que lle axude e tenta salvar aos seus fillos, pero Tomas fuxiu para salvar a súa vida. A avalancha detense diante do restaurante, sen ocasionar danos, e con todo, o universo familiar rachou. Persiste unha dúbida sobre o pai, e Tomas busca desesperadamente recuperar o seu lugar de patriarca da familia. Unha comedia pertinente acerca do papel do home na familia moderna.

O sueco Ruben Östlund conquistou Cannes con isto que arrinca como película "de catástrofes" e deriva cara á farsa onde a familia como institución é posta patas para arriba por un alude.

## UNE NOUVELLE AMIE

## FICHA ARTÍSTICA

Romain Duris, Anaïs Demoustier, Raphaël Personnaz,  
Michèle Raingeval, Audrey Quoturi

## FICHA TÉCNICA

Dirección François Ozon	Fotografía Pascal Marti
Guión François Ozon	Producción Mandarin Films
Música Philippe Rombi	

## DATOS TÉCNICOS

Francia / 2014 / 105 min. / comedia  
Título orixinal Une nouvelle amie (The New Girlfriend)



## PREMIOS

**Festival de San Sebastián 2014** / sección oficial de longametraxes

**SINOPSE** É a historia de dúas mulleres, amigas da infancia. As dúas casan e unha ten un bebé. Ao pouco tempo, a nai enferma gravemente e faille prometer á súa amiga que coidará do bebé e do seu marido. Despois da súa morte, a amiga decide ir visitar ao pai e ao bebé, pero espéraa unha tremenda sorpresa.

Ozon retoma un dos seus territorios predilectos, o da ambigüidade, ou transversalidade, dos roles sexuais. Tras dúas obras tan implacables como "Dans la maison" e "Jeune & jolie", o director francés dáse un respiro cun inspirado relato de transformismos que zumeiga libérrimo lirismo, e onde o kitsch de alta estirpe e o cameo de Fanny Ardant poñen a guinda.

## VERGISS MEIN ICH LOSE MY SELF

### FICHA ARTÍSTICA

María Schrader, Johannes Krisch, Ronald Zehrfeld,  
Sandra Hüller, Paul Herwig, Jeff Zach

### FICHA TÉCNICA

Dirección Jan Schomburg	Fotografía Marc Comes
Guión Jan Schomburg	Produción
Música Tobias Wagner, Steven Schwalbe	Pandora Film Produktion

### DATOS TÉCNICOS

Alemaña / 2014 / 93 min. / drama



### PREMIOS

**Festival de Róterdam 2014 / sección oficial longametraxes a concurso**

**SINOPSE** Lena Ferben viviu case a metade da súa vida cando perde a memoria, os seus recordos. O seu marido convértese nun estraño, os seus amigos nuns descoñecidos e a súa vida nun relato de ficción. Lena verase obrigada a tomar unha decisión: volver ser quen era ou converterse noutra persoa.

Rescatamos esta o xaneiro pasado, unha xoia do aluvián de programa de Róterdam. E ofrecemos agora, en exclusiva absoluta para este XXVIII Cineuropa, a perda da memoria e da identidade desa muller encarnada por esa actriz fascinante que é María Schrader. E o autodescubrimiento que hai tras esa amnesia impúdica. E que grandiosa Schrader, en calquera das súas ricas polaridades.

## WHAT WE DID ON OUR HOLIDAYS NUESTRO ÚLTIMO VERANO EN ESCOCIA / O NOSO ÚLTIMO VERÁN EN ESCOCIA

### FICHA ARTÍSTICA

Rosamund Pike, David Tennant, Billy Connolly, Celia Imrie,  
Emilia Jones, Ben Miller, Amelia Bullmore, Bobby Smallbridge,  
Alexia Barlier, Imogen Toner, Kirstin Murray

### FICHA TÉCNICA

Dirección Andy Hamilton, Guy Jenkin	Fotografía Martin Hawkins
Guión Andy Hamilton, Guy Jenkin	Produción BBC Films / Lipsync Productions / Origin Pictures
Música Alex Heffes	

### DATOS TÉCNICOS

Reino Unido / 2014 / 95 min. / comedia



### PREMIOS

**Seminci de Valladolid 2014 / premio do público na sección oficial**

**SINOPSE** Doug e Abi son dous pais normais que teñen tres fillos encantadores aínda que moi excéntricos. Cando a tensión de ser pais pon en perigo a súa estabilidade mental e o seu matrimonio, deciden realizar unha viaxe a Escocia cos seus fillos. Alí participarán nunha gran reunión familiar e reencontraranse con Gordie, o increíblemente extravagante pai de Doug. Con todo, o que prometían ser unhas vacacións para a reconciliación pronto se convierten nun campo de minas non exento de situacións hilarantes no que rancores familiares, malentendidos e egos maltritos conforman a orde do día. Cando os nenos precipitan un xiro inesperado nos acontecementos, a familia vese obrigada a aparcar as súas diferenzas e a colaborar, pois pola contra corren o risco de perder aquilo que máis aprecian.

Andy Hamilton e Guy Jenkins, fenómenos de culto en Gran Bretaña pola súa serie de humor "Outnumbered" dan unha volta máis ás relacións de mozos e adultos. Unha especie de subversión voraz de "Verano azul", con cáustico sentido do humor, homenaxe memorable a "Los Vikingos" de Richard Fleischer. E un funeral con avestruces. Unha das sorpresas da tempada.

## WINTER SLEEP

### FICHA ARTÍSTICA

Haluk Bilginer, Melisa Sözen, Demet Akbag, Nadir Saribacak, Ayberk Pekcan, Nejat Isler, Tamer Levent

### FICHA TÉCNICA

Dirección Nuri Bilge Ceylan	Coprodución Turquía-Francia-Alemaña; Zeynofilm / Memento Films Production / Bredek Filmproduction
Guión Ebru Ceylan, Nuri Bilge Ceylan	
Fotografía Gökhan Tiryaki	

### DATOS TÉCNICOS

Turquía / 2014 / 195 min. / drama  
Título orixinal Kis uykusu (Sommeil d'hiver)



### PREMIOS

**Festival de Cannes 2014 / Palma de Ouro e premio FIPRESCI**

**SINOPSE** Aydin, un actor xubilado, dirixe un hoteliño en Anatolia central coa axuda da súa nova esposa, da que está moi distanciada, e da súa irmá, unha muller triste porque se acaba de divorciar. No inverno, a medida que a neve vai cubrindo a estepa, o hotel convértese no seu refuxio e no escenario da súa aflición.

Nuri Bilge Ceylan, tras a xa soberbia "Érase una vez en Anatolia" consagrarse en Cannes, no gotha dos privilexiados cineurgos do século XXI, con esta ópera magna que adapta a Chejov con lucidez esmagadora. E, cando el o decide, redirixe a textura da súa obra e elévaa ao crudelísimo territorio Bergman dos segredos de matrimonio, nun duelo de desamores xunto ao lume, cando xa non quedan nin os rescaldos da paixón.

## XENIA

### FICHA ARTÍSTICA

Kostas Nikouli, Nikos Gelias, Yannis Stankoglou, Marissa Triandafyllidou, Patty Pravo, Romanna Lobats

### FICHA TÉCNICA

Dirección Panos H. Koutras	Fotografía Hélène Louvart, Simos Sarketzias
Guión Panagiotis Evangelidis, Panos H. Koutras	Produción
Música Delaney Blue	100% Synthetic Films

### DATOS TÉCNICOS

Grecia / 2014 / 123 min. / drama



### PREMIOS

**Festival de Cannes 2014 / sección oficial ("Un Certain Regard")**

**SINOPSE** Tras a morte da súa nai, Dany e o seu irmán Odysseas, de 16 e 18 anos, emprenden a ruta de Atenas a Tesalónica para buscar o seu pai, un home grego que nunca viron. Albaneses por parte de nai, os mozos son estranxeiros no seu propio país e agardan que o pai os recoñeza para obter a nacionalidade grega. Ademais, Dany e Ody fixéronse a promesa de participar nun concurso de canto popular que podería cambiar a súa vida. Esta viaxe porá a proba a forza do vínculo que os une, o seu lado infantil e o gusto polas cancións italianas.

A presenza do puxante cinema grego en Cineuropa procede da sección "Un Certain Regard" de Cannes. Dous irmáns, diversidade de opcións sexuais, unha devoción case delirante pola canción melódica italiana e a procura do pai como *mcguffin* para esta viaxe iniciática.

MOSTRA

# Maside en Compostela

*O testamento pictórico do mestre*

Centro Cultural Aundación  
Rúa do Vilar, 19  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

HORARIO

Luns a domingo de 12.00 a 14.00 e de 17.00 a 21.00 h  
Entrada de balde



CONCELLO DE  
SANTIAGO

//Afundación

Obra Social ABANCA



**INTE**

# Panorama Internacional

**COLD IN JULY**  
FRÍO EN JULIO

**DIFRET**

**GÜEROS**

**JAUJA**

**LA PRINCESA DE FRANCIA**

**LOVE IS STRANGE**

**MOMMY**

**O LOBO ATRÁS DA PORTA**  
EL LOBO DETRÁS DE LA PUERTA

**STILL THE WATER**

**THE GUEST**

**THE KINDERGARDEN TEACHER**

**UNA NOCHE SIN LUNA**

## COLD IN JULY

FRÍO EN JULIO / FRÍO EN XULLO

### FICHA ARTÍSTICA

Michael C. Hall, Don Johnson, Sam Shepard,  
Vinessa Shaw, Nick Damici, Wyatt Russell

### FICHA TÉCNICA

Dirección Jim Mickle	Fotografía Ryan Samul
Guión Jim Mickle, Nick Damici	Producción Linda Moran, René Bastian, Marie Savare de Laitre, Adam Folk
Música Jeff Grace	

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 2014 / 109 min. / thriller



### PREMIOS

**Festival de Sundance 2014** / sección oficial longametraxes a competición

**SINOPSE** Texas, anos 80. Un home irrompe nunha casa e Richard, o pai de familia, non dubida en dispararlle. Convertido en heroe local, Richard verase arrastrado nunha trama de violencia e de corrupción.

## DIFRET

### FICHA ARTÍSTICA

Meron Getnet, Tizita Hagere, Haregewine Assefa,  
Brook Sheferaw, Mekonen Laeake, Meaza Tekle

### FICHA TÉCNICA

Dirección Zeresenay Mehari	Fotografía Monika Lenczewska
Guión Zeresenay Mehari	Producción David Eggar
Música David Schommer,	Haile Addis Pictures

### DATOS TÉCNICOS

Etiopía / 2014 / 96 min. / drama



### PREMIOS

**Festival de Sundance 2014** / premio do público  
(mellor película internacional)

**SINOPSE** En Adis Abeba, a avogada Meaza Ashenafi creou unha rede de axuda a mulleres e nenos pobres que necesitan un letrado. Enfróntase a un fustrigamento constante por parte da Policía e do Goberno. Aínda así, atrevese a defender a Hirut, unha moza de 14 anos á que secuestraron e violaron cando regresaba do colexio e que conseguiu matar aos seus raptores antes de escapar. A pesar de actuar en defensa propia, Hirut pode ser condenada á pena de morte.

## GÜEROS

### FICHA ARTÍSTICA

Tenoch Huerta, Leonardo Ortizgris,  
Sebastián Aguirre, Ilse Salas

### FICHA TÉCNICA

Dirección	Alonso Ruizpalacios	Fotografía	Damián García
Guión	Alonso Ruizpalacios, Gibrán Portela	Producción	Catatonía Films / Conaculta / Difusión
Música	Tomás Barreiro		Cultural UNAM

### DATOS TÉCNICOS

México / 2014 / 107 min. / comedia



### PREMIOS

**Festival de Berlín 2014** / mellor ópera prima

**Festival de San Sebastián 2014** / mellor película latinoamericana

**Festival de Tribeca 2014** / mellor fotografía e mellor novo director

**SINOPSE** Sombra e Santos viven afincados nun apartamento ao que hai tempo xa lle cortaron a luz por non pagar a renda. Reciben a visita do irmán menor de Sombra, Tomás, enviado pola súa nai porque xa non se soportan. A chegada do mozo cambia as cousas e deciden todos emprender unha viaxe para render homenaxe a un músico mítico que oía o pai de Sombra e Tomás, que ninguén coñece, e que segundo eles puido salvar ao rock mexicano.

## JAUJA

### FICHA ARTÍSTICA

Viggo Mortensen, Vilbjørk Mallin Agger, Ghita Norby

### FICHA TÉCNICA

Dirección	Lisandro Alonso	Coprodución	
Guión	Lisandro Alonso, Fabián Casas		Arxentina-USA-México-Holanda; 4L / Massive Inc. / Perceval Films / Mantarraya
Música	Viggo Mortensen, Buckethead		Producciones / Fortuna Films
Fotografía	Timo Salminen		

### DATOS TÉCNICOS

Arxentina / 2014 / 101 min. / drama



### PREMIOS

**Festival de Cannes 2014** / premio FIPRESCI ["Un Certain Regard"]

**SINOPSE** Na antigüidade, críase que Jauja era unha terra mitolóxica de abundancia e felicidade. Empréndéronse moitas expedicións para tratar de atopar o lugar e comprobalo. Co tempo, a lenda medrou desproporcionadamente. Indiscutiblemente, a xente esaxeraba, como de costume. O único que se sabe con seguridade é que todos aqueles que tentaron atopar este paraíso terreal perdéronse.

## LA PRINCESA DE FRANCIA

### FICHA ARTÍSTICA

Julián Larquier Tellarini, Agustina Muñoz,  
María Villar, Romina Paula, Laura Paredes,  
Elisa Carricajo, Gabriela Saidón, Pablo Sigal,  
Julián Tello, Juan Chacón, Alessio Rigo de Righi

### FICHA TÉCNICA

Dirección	Matías Piñeiro	Larquier Tellarini
Guión	Matías Piñeiro	Fotografía Fernando Lockett
Música	Julián Tello, Juan Chacón, Julián	Producción Alta Definición Argentina

### DATOS TÉCNICOS

Argentina / 2014 / 70 min. / drama



### PREMIOS

**Festival de Locarno 2014** / selección de longametraxes a concurso

**SINOPSE** Un ano despois da morte do seu pai en México, Víctor regresa a Bos Aires cun traballo para a súa antiga compañía de teatro: realizar unha serie latinoamericana de radioteatros gravando o episodio piloto da última obra que realizaron xuntos.

## LOVE IS STRANGE

### FICHA ARTÍSTICA

John Lithgow, Alfred Molina, Marisa Tomei, Darren Burrows,  
Charlie Tahan, Cheyenne Jackson, Tatyana Zbirovskaya,  
Olya Zueva, Jason Stuart, Darren E. Burrows,  
Harriet Sansom Harris, Manny Perez, Christina Kirk,  
John Cullum, Eric Tabach, Tank Burt, Daphne Gaines,  
Christopher King, Maryann Urbano, David Bell

### FICHA TÉCNICA

Dirección	Ira Sachs	Prod. Parts & Labor Films /
Guión	Ira Sachs,	Charlie Guidance / Mm...
Mauricio Zacharias		Buttered Panini Productions /
Fotografía	Christos Voudouris	Sony Pictures Classics

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 2014 / 94 min. / drama



**SINOPSE** Cando en 2011 se legaliza en Nova York o matrimonio entre dúas persoas do mesmo sexo, Ben e George, que levan 39 anos xuntos, deciden casar. Pouco tempo despois despiden a George sen explicación ningunha da escola católica onde ensina música e perden o seu piso en Chelsea. Unha parella gai de policías acolle a George, e Ben vai vivir á casa do seu sobriño en Brooklyn. O constante esforzo para seren amables, ter a obriga de vivir na casa doutros e a preocupación por un futuro incerto son motivos de tensión para todos.

**MOMMY****FICHA ARTÍSTICA**

Anne Dorval, Antoine-Olivier Pilon, Suzanne Clément,  
Alexandre Goyette, Patrick Huard

**FICHA TÉCNICA**

Dirección	Xavier Dolan	Fotografía	André Turpin
Guión	Xavier Dolan	Coproducción	Canadá-Francia;
Música	Eduardo Noya	Metafilms	

**DATOS TÉCNICOS**

Canadá / 2014 / 139 min. / drama

**PREMIOS**

**Festival de Cannes 2014** / premio do xurado

**SINOPSE** Nun Canadá ficticio, unha nova lei permite que os pais angustiados abandonen os seus fillos con problemas no hospital. Diane "Die" Despres, unha viúva decidida, tenta educar a Steve, o seu carismático fillo que padece ADHD. Mentres que ambos tratan facer un peso, Kyla, unha veciña misteriosa ofrece a súa axuda. Como a presenza reconfortante de Kyla é cada vez máis intensa, xorden preguntas sobre o misterio da súa vida e o vínculo que podería unila a Steve e Die.

**O LOBO ATRÁS DA PORTA**  
**EL LOBO DETRÁS DE LA PUERTA****FICHA ARTÍSTICA**

Milhem Cortaz, Leandra Leal, Fabiula Nascimento,  
Tamara Taxman, Karine Teles, Antonio Saboia,  
Thalita Carauta, Paulo Tiefertalher, Juliano Cazarre

**FICHA TÉCNICA**

Dirección	Fernando Coimbra	Fotografía	Lula Carvalho
Guión	Fernando Coimbra	Producción	Gullane Filmes

**DATOS TÉCNICOS**

Brasil / 2013 / 100 min. / drama

**PREMIOS**

**Festival de San Sebastián 2013** / premio Horizontes.

Mellor película latinoamericana

**Festival de La Habana 2013** / mellor director

**Festival de Miami 2013** / mellor director

**Festival de Río de Janeiro 2013** / mellor película e mellor actriz

**Festival de Guadalajara** / mellor director

**SINOPSE** Un neno é secuestrado. Na comisaría, Sylvia e Bernardo, os pais, e Rosa, principal sospeitosa e amante de Bernardo, dan testemuños contradictorios que conducen aos máis sombríos recunchos do desexo, a mentira e a perversidade nas relacións deses tres personaxes.

## STILL THE WATER

### FICHA ARTÍSTICA

Makiko Watanabe, Hideo Sakaki, Tetta Sugimoto,  
Miyuki Matsuda, Jun Murakami, Fujio Tokita

### FICHA TÉCNICA

Director Naomi Kawase	Fotografía Yutaka Yamazaki
Guión Naomi Kawase	Producción Kumie
Música Hasiken	

### DATOS TÉCNICOS

Xapón / 2014 / 110 min. / romance  
Título original Futatsume no mado



### PREMIOS

**Festival de Cannes 2014** / sección oficial longametraxes a concurso

**SINOPSE** Os habitantes da illa de Amami, viven en harmonía coa natureza. Para eles en cada árbore, cada pedra e cada planta vive un deus. Unha tarde de verán, Kaito descobre o corpo dun home aboiando no mar. A súa amiga Kyoko axudaralle a descifrar o misterio. Crecerán xuntos, aprendendo a ser adultos, descubriendo os ciclos da vida, a morte e o amor.

## THE GUEST

### FICHA ARTÍSTICA

Dan Stevens, Maika Monroe, Leland Orser, Lance Reddick,  
Sheila Kelley, Brendan Meyer, Chase Williamson

### FICHA TÉCNICA

Dirección Adam Wingard	Fotografía Robby Baumgartner
Guión Adam Wingard, Simon Barrett	Producción Simon Barrett,
Música Stephen Moore	Thorsten Schumacher

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 2014 / 99 min. / thriller



### PREMIOS

**Festival de Sitges 2014** / sección oficial longametraxes a concurso

**SINOPSE** Os Peterson seguen chorando o falecemento do seu fillo Caleb en Afganistán. En pleno duelo, David (Dan Stevens,) irrompe no fogar familiar e conquista a cada un dos seus membros ata que un deles comeza a intuír que David non é quen parece ser.

## THE KINDERGARDEN TEACHER

### FICHA ARTÍSTICA

Sarit Larry, Avi Shnaidman, Lior Raz,  
Gilad ben David, Ester Rada, Guy Oren,  
Yehezkel Lazarov, Dan Toren, Avishag Kahalani

### FICHA TÉCNICA

Dirección Nadav Lapid	Coprodución Israel-Francia;
Guión Nadav Lapid	Pé Films / Haut et Court /
Música Michael Emet	Arte France Cinéma
Fotografía Shai Goldman	

### DATOS TÉCNICOS

Israel / 2014 / 120 min. / drama  
Título orixinal Haganenet



### PREMIOS

**Festival de Cannes 2014** / Semana de la Crítica

**SINOPSE** Unha profesora descobre nun neno de cinco anos de idade un prodixioso don para a poesía. Asombrada e inspirada por este cativo, decide protexer o seu talento, a pesar de todo o mundo.

## UNA NOCHE SIN LUNA

### FICHA ARTÍSTICA

Roberto Suárez, Daniel Melingo, Marcel Keoroglian,  
Elisa Gagliano, Roberto Suárez, Julieta Franco

### FICHA TÉCNICA

Dirección Germán Tejeira	Coprodución
Guión Germán Tejeira	Uruguay-Argentina;
Fotografía Magela Crosignani	Rain Dogs Cine / El Calefón Cine

### DATOS TÉCNICOS

Uruguay / 2014 / 78 min / comedia dramática



### PREMIOS

**Festival de San Sebastián 2014** / selección Horizontes Latinos

**SINOPSE** Durante a noite de Ano Novo, tres personaxes solitarios e nocturnos chegan a unha pequena poboación perdida no campo uruguaio onde terán unha oportunidade para torcer o seu destino. Un parque de atraccións, unha garita de autoestrada e un bar de mala morte onde un cantautor toca sen que se lle preste atención. E un brusco apagamento de luz. Unha película sobre o amor, a soidade, as oportunidades e o paso do tempo.



**cineuro**

**CINEUROPA**  
28ª Edición

# PREMIOS CINEUROPA 2014

**BÁRBARA LENNIE**

**NILS MALMROS**

**PAULO BRANCO**

## BÁRBARA LENNIE



Non imos ser orixinais con isto. Na historia de Cineuropa hai un antes e un despois dun portentoso plano-secuencia dunha película de Isaki Lacuesta, 'Los Condenados', que se

proxeitou na sección oficial do noso certame na edición de 2009. Era a confrontación dun dos protagonistas da película, un daqueles mortos en vida que arrastraban o lastre irremontable do seu pasado guerrilleiro na Arxentina da tremenda década de chumbo, coa súa filla. Ela situábao, nun duelo cruento, fronte ás pantasma e as contradicións do seu tempo de loita. Ela era o presente, a Arxentina que non pechara, como ía facelo, as feridas do pecado orixinal, o estigma do sangue, o nó gordiano que estrangulaba a vida de todos eses seres da obra mestra de Isaki Lacuesta.

Esa muller, Bárbara Lennie, protagoniza en 'Los Condenados', un dos empoderamentos dunha película –desde a singularidade dunha única secuencia– máis demoledores dos que a nosa memoria cinéfila atesoura recordo. Unha abrupta e lacerante irrupción iluminada por unha actriz descomunal, cunha capacidade innata para reconcentrar a dor, para encarar os espectros dunha xeración perdida. Xa sei que a Bárbara Lennie non lle chifla o encasillamiento en personaxes intensos. E que lle gustou protagonizar a divertidísima 'Tres bodas de más'. Pero é certo que esa secuencia, por si soa, vale para facerlle un espazo á súa protagonista nos anais do cinema airado e perturbador da xenealoxía que fura a pantalla en procura da verdade impúdica ou flaxeladora.

Bárbara xa ocupara antes a pantalla do Principal. En 2006, con 'Mujeres en el parque', de Felipe Vega. E, xa como protagonista, en 2010, na noite de luns que proxectamos 'Todas las

## MAGICAL GIRL

## FICHA ARTÍSTICA

Luis Bermejo, José Sacristán, Bárbara Lennie,  
Lucía Pollán, Israel Elejalde, Alberto Chaves,  
Teresa Soria Ruano, Miquel Insúa, Elisabet Gelabert

## FICHA TÉCNICA

Dirección Carlos Vermut      Producción Aquí y Allí Films /  
Guión Carlos Vermut      Canal+ España  
Fotografía Santiago Racaj

## DATOS TÉCNICOS

España / 2014 / 127 min. / drama



## PREMIOS

**Festival de San Sebastián 2014** / Concha de Ouro (mellor película)  
e mellor director

**SINOPSE** Luis [Luis Bermejo], un profesor de literatura en paro, trata de facer realidade o último desexo da súa filla Alicia [Lucía Pollán], unha nena de 12 anos que padece un cancro terminal: ter o vestido oficial da serie xaponesa de debuxos animados "Magical Girl Yukiko". O elevado prezo do vestido levará a Luis a pór en marcha unha insólita e escura cadea de chantaxes. Nestas circunstancias, coñece a Bárbara [Bárbara Lennie], unha atractiva moza que sofre trastornos mentais, e a Damián [José Sacristán], un profesor retirado cun tormentoso pasado. Os tres quedarán atrapados nunha escura rede, na que instinto e razón entran en conflito.

canciones hablan de mi' nun pase máxico mentres o público enchía o Principal desafiando ao fútbol, á mesma hora en que os goles do Barça, até cinco, caían sobre Mourinho. E Jonás Trueba celebraba a película, a súa *opera prima*, e os goles.

Así que as honras que nos fai Bárbara Lennie recibindo o premio Cineuropa viñan xa fraguándose no tempo. Admirámola, mentres, noutro proteico papel breve que se facía xigante en 'La piel que habito'. E sobre as táboas, con 'Kamikaze', este mesmo ano nun 'Misántropo' que deben perseguir e gozar alá por onde xire. Pero é agora, cando ela encabalgou o papel de raíña consorte na subversiva e deliciosa 'Stella Cadente' de Luís Miñarro –outro grande amigo do noso festival– co éxito de 'El Niño'. E cando o cinema noso asistiu á eclosión dunha película detonante, cun dispositivo emocional deflagrador: 'Magical Girl'. Falamos con Bárbara, para que nos engrandecera nesta XXVIII edición, antes de que esa deflagración se producise en Donostia. Intuíase. E aínda quedamos curtos. Esa muller lacerada, ao personaxe de Bárbara Lennie, que é epicentro da nora de sobresaltos sabios de 'Magical Girl', conforma xunto ao totémico Pepe Sacristán unha das máis fermosas historias de paixón e tabú proscribo filmadas en tempo. Pepe, o noso premio Cineuropa do pasado ano, cédelle o testemuño a Bárbara. Nunca é azar. É cuestión de amigos, de sorte trucada, de sangue sabio, de amor.

*José Luis Losa*



No medio de quintais de información diaria sobre cinema, estreas, megaproducións, novidades hipsters, posturos cool, non é raro que quede a un lado o esencial.

Nils Malmros (Arhus, Dinamarca, 1944) é un deses casos: un mestre de entidade mundial e, con todo, nas marxes da cultura cinematográfica común. O cal non quere dicir que se trate dunha figura marxinal –nin sequera marxina da–, senón só que pertence á preciosa veta cuxa obra nunca parece encaixar con calquera moda actual ou tendencia, porque semellase que sempre houbera alguén máis moderno, máis atrevido, máis provocador, máis esaxerado ou, para dicilo sen reviravoltas, máis evidente. A partir da súa segunda longa, 'Ole 5c', Malmros obtivo unha permanente presenza nunha longa lista de festivais internacionais, pero en España ningún o distribuíu comercialmente. E, con todo, Malmros gañou multitude de premios. A pesar diso, nesta sociedade da cultura mercantilizada, todos nos preguntaremos ante este premio: "Nils, ¿que...?"

É un autodidacta para quen o cinema é esencialmente unha paixón. E o autodidacta ten a tendencia a seguir só o ritmo do seu propio tambor. Un cinema como o de Malmros, que vai resoltamente pola esencia da vida, un cinema poético e cruelmente realista e, á vez, espiritual, é esixente co espectador. Pero garantímoslles que van sorprenderse co que a cambio lles ofrece. Malmros pide só o seguinte: sexan abertos, tomen en serio as súas vidas e estean dispostos a ver as súas propias ale-

grías, dúbidas e dores reflectidas na pantalla. E aí pedímoslles atención especial para a absolutamente imprescindible 'Sorrow and Joy' (2013), a película onde Malmros ispe a súa propia vida, e a da súa esposa, e un feito de infinita dor, mostrado cunha sinceridade que por fin fixo eclosionar o nome do cineasta danés con esta obra mestra, candidata a nesa este ano aos Oscar.

Nils Malmros, cuxa obra descubrimos o pasado xaneiro na retrospectiva que lle dedicou Róterdam, estará persoalmente en Cineuropa entre o 21 e o 27 de novembro para debater nas salas sobre as súas películas, sobre amores non correspondidos, sobre rachos espirituais ou inocencias truncadas, sobre a súa propia vida, presente nas súas obras, e sobre o drama íntimo directamente contado nesa experiencia metacinematográfica e de emotividade humillante que é 'Sorrow and Joy'. Polo visto nos intensos coloquios ao redor do seu cinema vividos en Róterdam, convidámoslos a mergullarse no "universo Malmros". Experiencia á vez devastadora e exercicio de purificación, fundamentais nas vidas de todos se, ao final, estamos dispostos a crer na bondade do home.

*Olaf Möller / José Luis Losa*

## SORG OG GLÆDE SORROW AND JOY

### FICHA ARTÍSTICA

Jakob Cedergren, Helle Fagralid, Nicolas Bro,  
Ida Dvinger, Kristian Halken, Simpática Dygboe

### FICHA TÉCNICA

Dirección Nils Malmros	Fotografía
Guión Nils Malmros, John Mogensen	Jan Weincke, DFF
Música Jan Juhler	Produción
	Nordisk Filme Production A/S

### DATOS TÉCNICOS

Dinamarca / 2013 / 107 min. / drama



**SINOPSE** O cineasta Johannes e a súa muller, a profesora de escola Signe, viven a maior pena e o peor transo que un poida imaxinar. Igualmente, en toda a súa desesperación, teñen que tentar atopar o amor mutuo e maduro para así poder continuar coa súa vida despois da morte.

## PAULO BRANCO



Naceu en Lisboa en 1950. Oriéntase de maneira definitiva cara ao cinema en 1974, cando comeza a traballar no Cinema Olympic, con Frédéric Mitterrand. A súa carreira como produtor arrinca en 1979, traballando entre París e Lisboa.

Até a actualidade produciu máis de trescentas películas entre elas as de dous realizadores que foron premios Cineuropa: Manoel de Oliveira (en 2003) e Pedro Costa (en 2012), o que establece de novo cómplices liñas de parentesco entre este recoñecemento a Paulo Branco e a memoria do noso festival.

Outros autores portugueses aos que produciu son João César Monteiro, João Botelho, João Canijo ou Teresa Villaverde. No plano internacional, é considerado un dos *pater familias* do cinema europeo de autor. Produciu obras de Wim Wenders, Raoul Ruiz, Alain Tanner, Werner Schroeter, Valeria Bruni-Tedeschi, Chantal Ackerman, André Techiné, Christophe Honoré, Jerzy Skolimowsky, Sharunas Bartas e, moi recentemente, Paul Auster, David Cronenberg e Mathieu Amalric, cuxo filme 'La Chambre Bleue' se verá nesta XXVIII edición de Cineuropa. No noso festival tivo tamén protagonismo activo Paulo Branco en 2012 cando presentou 'Líneas de Wellington', de Valeria Sarmiento.

Na actualidade dirixe Alfama Filmes, en Lisboa e París. E o seu último proxecto é unha adaptación dunha novela dun dos seus grandes compañeiros de aventuras intelectuais, o escritor Don DeLillo.

É o produtor que maior número de películas presentou en toda a historia dos festivais de Cannes e Locarno. Foi xurado internacional nos festivais de Berlín, de Venecia e de Locarno.

Foi distinguido co premio como mellor produtor de Europa polo Parlamento Europeo (1999). Recibiu o premio ao mellor produtor independente no Festival de Locarno (2002) e o Golden Horse do festival de cinema de Taipei. Jacques Chirac entregoulle o recoñecemento como Oficial da Orde das Artes e das Letras da República Francesa.

Desde 2007 é director do Lisboa & Estoril Filme Festival, que neste tempo contou con presenzas como as de David Lynch, Pedro Almodóvar, Bernardo Bertolucci, Francis Coppola, David Cronenberg, Juliette Binoche, Catherine Deneuve, Isabelle Huppert, Paul Auster, Don DeLillo, J. Coetzee, Lou Reed, Stephen Frears, Fanny Ardant ou John Malkovich. Precisamente Malkovich é o protagonista de 'The Casanova Variations', a película que acompañará a gala de entrega do premio Cineuropa a Paulo no Teatro Principal o próximo 22 de novembro.

*José Luis Losa*

## THE CASANOVA VARIATIONS

### FICHA ARTÍSTICA

John Malkovich, Veronica Ferres, Florian Boesch, Miah Persson, Victória Guerra, Maria João Bastos, Anna Prohaska, Kate Lindsey, Kerstin Avemo, Barbara Hannigan, Topi Lehtipuu, Tracy-Ann Oberman, Fanny Ardant, Jonas Kaufmann, Lola Naymark

### FICHA TÉCNICA

Dirección	Michael Sturminger	Francia-Alemaña;
Guión	Michael Sturminger,	Alfama Films / Amour Fou
Markus Schleinzner		Filmproduktion /
Fotografía	André Szankowski	Amour Fou Vienna /
Produción	Paulo Branco	Construction Film /
Coprodución	Austria-	X-Filme Creative Pool

### DATOS TÉCNICOS

Austria / 2014 / 118 min. / drama



### PREMIOS

**Festival de San Sebastián 2014** / sección oficial de longametraxes

**SINOPSE** John Malkovich é o protagonista da única película que captura o mito do maior sedutor de todos os tempos, Casanova. Baseada n'A *historia da miña vida* de Giacomo Casanova, con arias de W. A. Mozart e Lorenzo da Ponte. A súa historia é narrada tanto a través da ficción como con interpretacións teatrais que desvelan o relato das súas aventuras, paixóns e, sobre todo, o seu medo á morte.



**DOCS-CL**

# CINEUROPA

**AUTOBIOGRAFIA LUI NICOLAE CEAUSESCU**  
AUTOBIOGRAFÍA DE NICOLAE CEAUSESCU

**FUNES, O INVENTOR DA LÚA**

**HÔTEL TERMINUS**  
HOTEL TERMINUS: THE LIFE AND TIMES OF KLAUS BARBIE

**LE CHAGRIN ET LA PITIÉ**  
LA TRISTEZA Y LA PIEDAD

**HOTEL NUEVA ISLA**

**LOS COLONOS DEL CAUDILLO**

**REMINE**

**S.O.P.: STANDARD OPERATING PROCEDURE**

**THE SALT OF THE EARTH**  
LA SAL DE LA TIERRA

## AUTOBIOGRAFIA LUI NICOLAE CEAUSESCU

### AUTOBIOGRAFÍA DE NICOLAE CEAUSESCU

#### FICHA TÉCNICA

Dirección Andrei Ujica

Producción

Guión Andrei Ujica

S. C. Icon Production

#### DATOS TÉCNICOS

Romanía / 2010 / 180 min. / documental



**SINOPSE** Compañía perfecta para Videogramas dunha revolución, esta compilación de material filmado polo aparato de propaganda de Ceaucescu permite poñer en dúbida a conclusión da outra película: que o cine deixou nun momento de ser inspirado pola Historia para pasar a ser o seu segredo motor. As imaxes coas que o tirano se celebra a si mesmo -concentracións, festas populares, discursos, encontros con xefes de estado, escenas da vida familiar- teñen como obxectivo fixar a simbólica eternidade da autocracia, mentres que a revolución que volveu poñer en marcha a roda do tempo se fixo xustamente contra eses anacos de celuloide. Se en Videogramas a urxencia do momento deixa ver excepcionalmente a trastenda do poder, a Autobiografía é non obstante a regra e proba de que o poder é eficaz para expresarse ata con certa beleza eisensteniana (abonda pensar, por exemplo, no noso recente Bicentenario). É doado mirar hoxe a película e deducir con razón que Ceaucescu era pouco máis que un burócrata mediocre. Pero convén recordar que non era iso o que se dicía del, mesmo fóra de Romanía.

## FUNES, O INVENTOR DA LÚA

#### FICHA ARTÍSTICA

Nicolás Vázquez, Brais Vidal, José M. González León, Antonio Vázquez Turnes, María Filomena dos Santos Gigante, José Calo Alcalde, Natividade Juncal Portas, Javier Llopis, Josefa e Maruja de Rande, Juan Carlos Tobar Cereijo

#### FICHA TÉCNICA

Dirección Enrique Otero

Locución José Carlos Polo

Guión Carlos Santiago,

Dirección de produción

Enrique Otero

Elena Mareque

Edición de guión

Producción Pulsa Control Z

Roberto G. Méndez

Edición e posprodución

Composición musical

Adrián Pino, Enrique Otero

Pablo Pérez

Efectos dixitais

Fotografía Adrián Pino

Juan Pablo Etcheverry

Son Enrique Otero

Arte Pepe Penabade

#### DATOS TÉCNICOS

España / 2014 / 48 min. / documental



**SINOPSE** Documental biográfico sobre o inventor Eugenio Funes, que tras ser unha das pezas fundamentais na carreira espacial e na conquista da lúa, rematou os seus días dramáticamente nunha caravana na súa Galicia natal.

**HÔTEL TERMINUS****HOTEL TERMINUS: THE LIFE AND TIMES OF KLAUS BARBIE****FICHA TÉCNICA**

Dirección **Marcel Ophüls** Coprodución  
 Guión **Marcel Ophüls** USA-Francia-Alemaña;  
 Música **Helmut Froschauer** The Memory Pictures  
 Fotografía **Michael Davis,** Company  
**Pierre Boffety,**  
**Reuben Aaronson,**  
**Wilhelm Rosing, Lionel Legros,**  
**Daniel Chabert, Paul Gonon**

**DATOS TÉCNICOS**

Estados Unidos / 1988 / 267 min. / documental

**PREMIOS**

**Oscar 1988** / mellor documental  
**Festival de Cannes 1988** / premio FIPRESCI

**SINOPSE** Documental sobre o proceso contra Klaus Barbie, xefe da GESTAPO de Lyon, e sobre a súa vida despois da guerra.

**LE CHAGRIN ET LA PITIE****LA TRISTEZA Y LA PIEDAD / A TRISTEZA E A PIEDADE****FICHA TÉCNICA**

Dirección **Marcel Ophüls** Coprodución  
 Guión **Marcel Ophüls,** Francia / Suíza / Alemaña  
**André Harris**  
 Fotografía **André Gazut,**  
**Jürgen Thieme**

**DATOS TÉCNICOS**

Francia / 1969 / 251 min. / documental

**PREMIOS**

**Oscar 1971** / nominada a mellor documental  
**BAFTA Awards 1971** / mellor programa de TV estranxeiro  
**National Board of Review 1972** / mellor película estranxeira  
**Círculo de Críticos de Nova York 1973** / mención especial

**SINOPSE** Aclamadísimo documental sobre o colaboracionismo francés coas tropas nazis durante a Segunda Guerra Mundial. Desde 1940 até 1944, o Goberno de Vichy colaborou cos alemáns. Vichy combateu mesmo á propia resistencia francesa, o que lle supuxo o golpe definitivo para a humillación e vergoña por parte dos aliados e os propios franceses durante e unha vez acabada a guerra. O documental mestura imaxes de arquivo da época con entrevistas actuais (en 1969) a oficiais alemáns e resistentes franceses daqueles anos.

## HOTEL NUEVA ISLA

## FICHA TÉCNICA

Dirección Irene Gutiérrez  
 Guión Irene Gutiérrez,  
 Javier Labrador,  
 Lorenzo Mora

Fotografía Javier Labrador  
 Coprodución Cuba-España;  
 El Viaje Films / Producciones  
 de la 5ª Avenida / ICAA

## DATOS TÉCNICOS

Cuba / 2014 / 71 min. / documental



**SINOPSE** En Cuba, Jorge é un funcionario do Estado retirado que pasa os seus días pechado no que foi o luxoso Hotel Nueva Isla, hoxe convertido nun albergue para persoas que non teñen casa. Sen apenas contacto co mundo exterior, Jorge aseméllase a un Quixote desterrado e definitivamente esquecido. Día a día, o seu corpo e a súa saúde vanse debilitando como os muros do propio hotel. Abandonado polos seus fillos e as mulleres que tivo, a súa única motivación desde hai anos é seguir a pista dunha revelación: está convencido de que nalgún lugar do ruinoso hotel están os obxectos de valor que os antigos propietarios escondieron ao saír fuxindo co triunfo da Revolución. Pero o tempo e o abandono convertérono nun lugar en ruínas onde é perigoso vivir, e os escasos veciños que quedan, Waldo e A Fraca, vanse indo aos poucos até deixar a Jorge só, aferrado a un universo que el mesmo construíu. Cando a súa evacuación se fai inminente, Jorge sabe que tras ela non só vén a demolición do hotel, senón tamén o final dunha forma de vida, dunha era en Cuba.

## LOS COLONOS DEL CAUDILLO

## FICHA TÉCNICA

Dirección Lucía Palacios,  
 Dietmar Post  
 Guión Lucía Palacios,  
 Dietmar Post

Coprodución  
 España-Alemaña;  
 Lucía Palacios PC /  
 Play Loud! Productions

Fotografía Lucía Palacios,  
 Dietmar Post

## DATOS TÉCNICOS

España / 2013 / 112 min. / documental



**SINOPSE** Os directores mostran o retrato de Llanos del Caudillo, un dos 300 asentamentos construídos polo Instituto Nacional de Colonización tras a Guerra Civil. O documental repasa a historia de España a través de valioso material de arquivo e do testemuño dos habitantes desta pequena poboación situada en Mancha, na que conviven admiradores e detractores de Franco. Narrada por Juan Diego Botto.

## REMINE

### FICHA TÉCNICA

Dirección e fotografía

Marcos M. Merino

Montaxe Ana Pfaff

Montaxe de son

Óscar de Ávila

Producción e guión

Marta F. Crestelo /

Marcos M. Merino

### DATOS TÉCNICOS

España / 2014 / 104 min. / documental



### PREMIOS

**BAFICI 2014** / mención especial do xurado

**SINOPSE** Maio de 2012. España sofre a peor crise económica dos últimos 70 anos. A tristeza e o medo paralizan aos seus cidadáns, a todos excepto a un grupo de traballadores que resistiron ao cambio durante décadas. Máis de 4.000 mineiros declaran unha folga indefinida contra os recortes históricos aprobados polo Goberno. Organizan a diario protestas de todo tipo para lograr a atención: cortan estradas, encérranse a 700 metros de profundidade, andan 500 quilómetros até Madrid... Pero xa nada é como antes..., nin sequera os sobreviventes do último movemento obreiro.

## S.O.P.: STANDARD OPERATING PROCEDURE

### FICHA TÉCNICA

Dirección Errol Morris

Robert Richardson

Guión Errol Morris

Produción

Fotografía Robert Chappell,

Sony Pictures Classics

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 2008 / 118 min. / documental



### PREMIOS

**Festival de Berlín 2008** / Oso de Prata e Gran Premio do Xurado

**Críticos' Choice Awards 2008** / nominada a mellor documental

**Asociación de Críticos de Chicago 2008** /  
nominada a mellor documental

**SINOPSE** Película sobre os abusos no cárcere Abu Ghraib de Iraq por parte de membros do exército norteamericano. Trátase do primeiro documental na historia que forma parte da sección oficial a competición no Festival de Berlín.

## THE SALT OF THE EARTH

LA SAL DE LA TIERRA / O SAL DA TERRA

### FICHA TÉCNICA

Dirección Wim Wenders,  
Juliano Ribeiro Salgado

Fotografía Hugo Barbier,  
Juliano Ribeiro Salgado

Guión Wim Wenders,  
Juliano Ribeiro Salgado

Coprodución  
Francia-Brasil-Italia

Música Laurent Petitgand

### DATOS TÉCNICOS

Francia / 2014 / 100 min. / documental



### PREMIOS

**Festival de Cannes 2014** / premio especial do xurado  
[“Un Certain Regard”]

**Festival de San Sebastián 2014** / premio do público

**SINOPSE** Desde hai corenta anos, o fotógrafo Sebastião Salgado percorre os continentes captando a mutación da humanidade. Testemuña de grandes acontecementos que marcaron a nosa historia recente: conflitos internacionais, fame negra, éxodos etc., agora emprende camiño cara a territorios virxes con grandiosas paisaxes, descubriendo unha fauna e unha flora silvestres no marco dun proxecto fotográfico xigantesco, tributo á beleza do planeta. O seu fillo Juliano, quen o acompañou nas súas últimas travesías, e Wim Wenders, tamén fotógrafo, comparten connosco a súa mirada acerca da súa vida e da súa obra.

# Fa CO

# ANTASTIQUE COMPOSTÉLA

**BACKCOUNTRY**

**GOODNIGHT MOMMY**

**THE LAST DAYS ON MARS**  
LOS ÚLTIMOS DÍAS DE MARTE

**WHAT WE DO IN THE SHADOWS**  
LO QUE HACEMOS EN LAS SOMBRAS

**WHITE GOD**

## BACKCOUNTRY

### FICHA ARTÍSTICA

Eric Balfour, Missy Peregrin, Nicholas Campbell,  
Jeff Roop, Melanie Mullen, Ashley Nay

### FICHA TÉCNICA

Dirección Adam MacDonald	Produción
Guión Adam MacDonald	Fella Films /
Música Frères Lumières	Northern Ontario Heritage
Fotografía Christian Bielz	Fund / Téléfilm Canada

### DATOS TÉCNICOS

Canadá / 2014 / 92 min. / drama



**SINOPSE** Unha parella urbana acampa no bosque e atópase perdida no territorio dun oso negro depredador. O perigo xorde primeiro en forma dun visitante extraño que se achega á parella no inicio da súa excursión.

## GOODNIGHT MOMMY

### FICHA ARTÍSTICA

Susanne Wuest, Elias Schwarz, Lukas Schwarz,  
Ulrike Putzer, Michael Thomas

### FICHA TÉCNICA

Dirección Severin Fiala,	Fotografía Martin Gschlacht
Veronika Franz	Produción Ulrich Seidl
Guión Severin Fiala,	Film Produktion GmbH
Veronika Franz	

### DATOS TÉCNICOS

Austria / 2014 / 99 min. / terror  
Título orixinal Ich seh, Ich seh



### PREMIOS

Festival de Sitges 2014 / sección oficial longametraxes a concurso

**SINOPSE** É pleno verán e dous irmáns xemelgos esperan pacientemente a que a súa nai regrese á casa tras unha operación de cirurxía plástica. Esta chega coa cara completamente vendada e mostrándose fría, distante e obsesiva. O cambio na súa personalidade fará que os nenos se pregunten se a muller é realmente a súa nai ou se trata dunha impostora.

22  
24  
26  
28

## THE LAST DAYS ON MARS

LOS ÚLTIMOS DÍAS DE MARTE / OS ÚLTIMOS DÍAS DE MARTE

### FICHA ARTÍSTICA

Liev Schreiber, Romola Garai, Olivia Williams, Elias Koteas,  
Tom Cullen, Johnny Harris, Goran Kostic, Yusra Warsama

### FICHA TÉCNICA

Dirección Ruairi Robinson      Fotografía Robbie Ryan  
Guión Clive Dawson              Producción Fantastic Films /  
(relato: Sydney J. Bounds)      Qwerty Films /  
Música Max Richter                Irish Film Board

### DATOS TÉCNICOS

Reino Unido / 2013 / 98 min. / ciencia ficción



### PREMIOS

**Festival Cannes 2013** / quincena realizadores longametraxe en concurso

**SINOPSE** Mentres a nave que os relevará das súas operacións se achega, un grupo de astronautas exploradores atopan un descubrimento: un grupo de mostras de rochas revelan evidencias microscópicas de vida. Unhas horas antes de abandonar o planeta, dous dos astronautas regresan ao cavernoso val onde acharon as mostras para reunir máis achados. Pero un deles sofre un accidente... e o seu corpo é ocupado pola misteriosa e terrorífica forma de vida que acaban de descubrir.

14  
15

## WHAT WE DO IN THE SHADOWS

LO QUE HACEMOS EN LAS SOMBRAS /  
O QUE FACEMOS NAS SOMBRAS

### FICHA ARTÍSTICA

Jemaine Clement, Taika Cohen (AKA Taika Waititi),  
Jonny Brugh, Cori Gonzales-Macuer, Stu Rutherford

### FICHA TÉCNICA

Dirección Taika Cohen (Taika      DJ Stippen  
Waititi), Jemaine Clement      Producción Unison Films,  
Guión Taika Cohen (Taika      Defender Films, Funny  
Waititi), Jemaine Clement      or Die, New Zealand  
Fotografía Richard Bluck,      Film Commission

### DATOS TÉCNICOS

Nova Zelandia / 2014 / 86 min. / comedia



### PREMIOS

**Festival de Toronto 2014** / mellor película (Midnight Madness)

**Festival de Sitges 2014** / premio do público

**SINOPSE** Compartir piso pode ser un coñazo, pero Viago, Deacon, Vladislav e Peter teñen máis problemas que discutir sobre quen lava os pratos. Tampouco son novos estudantes. Son vampiros, comparten casa en Nova Zelandia e cóntannos as súas vicisitudes neste falso documental que leva a sinatura dos creadores de Flight of the Conchords e de Eagle vs. Shark.

## WHITE GOD

### FICHA ARTÍSTICA

Zsófia Psotta, Sándor Zsótèr, Lili Monori, Lili Horváth

### FICHA TÉCNICA

Dirección Kornél Mundruczo    Fotografía Marcell Rév  
 Guión Kornél Mundruczo,    Coprodución Hungría /  
 Viktória Petrányi, Kata Wéber    Alemaña / Suecia  
 Música Asher Goldschmidt

### DATOS TÉCNICOS

Hungría / 2014 / 119 min. / drama  
 Título orixinal Feher isten



### PREMIOS

**Festival de Cannes 2014** / mellor película ("Un Certain Regard")

**SINOPSE** Unha nova lei dá preferencia aos cans de raza e impón un tributo considerable polas razas cruzadas. Rapidamente, os refuxios caninos éñchense con cans abandonados. Lili, 13 anos, loita por protexer o seu can, Hagen, pero o seu pai sóltao na rúa. Os cans aproveitan para escapar e facer unha revolución contra os seres humanos. A súa vinganza será desapiadada. A única que podería acabar coa guerra entre o home e o can sería Lili.

# NOVEMBRO '14 CONCERTO CINEUROPA





**VENRES 7** 21.30 (portas) **SALA CAPITOL**  
**Guitar Crusher**  
 North Carolina / New York, blues / soul / funk

**XOVES 13** 21.30 (portas) **SALA CAPITOL**  
**Aurora & The Betrayers**  
 Madrid, soul  
 presentación novo disco *Shadows go away*

**VENRES 14** 21.00 **AUDITORIO DE GALICIA**  
**Real Filharmonía de Galicia**  
**Paul Daniel** director  
*Charles Chaplin: The gold rush (A quimera do ouro)*

**VENRES 14** 21.30 (portas) **SALA CAPITOL**  
**Arizona Baby**  
 Valladolid, rock  
 presentación novo disco *It is called work*

**SÁBADO 15** 21.00 **AUDITORIO ABANCA**  
**Silvia Pérez Cruz**  
**& Raül Fernández Miró**  
 Girona / Barcelona, canción de autor  
 presentación novo disco *Granada*

**SÁBADO 22** 21.30 (portas) **SALA CAPITOL**  
**Elefantes**  
 Barcelona, pop-rock  
 presentación novo disco *El rinoceronte*

**DOMINGO 23** 12:30 **SALA AGUSTÍN MAGÁN**  
**Banda Municipal de Música**  
**Juan M. Romero** director  
 Músicas do cinema español

**XOVES 27** 21.30 (portas) **SALA CAPITOL**  
**Supersubmarina**  
 Baeza / Jaén, indie rock  
 presentación novo disco *Viento de cara*



**RETRO  
NLS**

# OSPECTIVA MALMROS

**ÅRHUS BY NIGHT**

**AT KENDE SANDHEDEN**  
FACING THE TRUTH

**BARBARA**

**DRENGE**  
BOYS

**KÆRESTESORGER**  
ACHING HEARTS

**KÆRLIGHEDENS SMERTE**  
PAIN OF LOVE

**KUNDSKABENS TRÆ**  
TREE OF KNOWLEDGE

**LARS OLE, 5C**

**SKØNHEDEN OG UDYRET**  
BEAUTY AND THE BEAST

**SORG OG GLÆDE**  
SORROW AND JOY

## ÅRHUS BY NIGHT

### FICHA ARTÍSTICA

Thomas Schindel, Tom McEwan, Michael Carøe, Søren Østergaard, Line Arlien-Søborg, Lars H.U.G., Vibeke Borberg, Thomas Howalt, Steen Stig Lommer, Robert Gellin, Dennis Otto Hansen, Ghita Norby, Lars Henrik Markvad, Henrik Tolboe, Carsten Gjørtz, Mads Jacob Poulsen, Thomas Sørensen, Søren Bærentzen, Jørgen Kristian Schindel, Suzette Kempf

### FICHA TÉCNICA

Dirección Nils Malmros	Fotografía Jan Weincke
Guión Nils Malmros	Produción
Música	Per Holst Filmproduktion
Gunner Møller Pedersen	

### DATOS TÉCNICOS

Dinamarca / 1989 / 95 min. / drama



**SINOPSE** Frederik é un mozo director que está a rodar unha película sobre a súa infancia. No transcurso da rodaxe xurdirán problemas coa actriz principal, Lisa.

## AT KENDE SANDHEDEN FACING THE TRUTH

### FICHA ARTÍSTICA

Jens Albinus, William Rosenberg, Lise Stegger, Søren Østergaard, Preben Harris, Peter Schrøder, Lasse Brovst Andersen, Michael Asmussen, Elin Reimer, Anni Bjørn, Ida Dwingler, Peter Hesse Overgaard, Waage Sandø, Henrik Vestergaard Nielsen, Thomas Biehl

### FICHA TÉCNICA

Dirección Nils Malmros	Produción BG Fonden /
Guión Nils Malmros	Dean Vestdanske Filmpulje /
Música	Det Danske Filminstitut /
Gunner Møller Pedersen	Nordisk Filme /
Fotografía Jan Weincke	TV2 Danmark

### DATOS TÉCNICOS

Dinamarca / 2002 / 98 min. / drama



### PREMIOS

**Festival Robert [Dinamarca] 2003 /**  
mellor director, actor [Jens Albinus] e guión

**SINOPSE** En 1944, na Dinamarca ocupada polos nazis, o cirurxán Richard Malmros (Jens Albinus) realiza unha exitosa operación dun neno, utilizando o químico Thorotrast para o procedemento de raios-X. Corenta anos despois, o paciente afirma que o produto químico foi a causa do seu cancro. Malmros e o seu fillo Nils (Søren Østergaard) investigan o seu caso, mentres un xornalista pon en marcha un escándalo.

**BARBARA**

## FICHA ARTÍSTICA

Anneke von der Lippe, Lars Simonsen, Trond Høvik, Jesper Christensen, Jens Okking, Helene Egelund, Jytte Kvinesdal, Peter Hesse Overgaard, Ove Pedersen, Peter Reichhardt, Henning Jensen, Bodil Udsen, Birgitte Federspiel, Henny Moan

## FICHA TÉCNICA

Dirección Nils Malmros      Fotografía Jan Weincke  
 Guión      Producción Felicia Filme /  
 Jørgen-Frantz Jacobsen      Per Holst Filmproduktion /  
 Música Gunner Møller Pedersen      Svensk Filmindustri (SF)

## DATOS TÉCNICOS

Dinamarca / 1997 / 143 min. / drama



## PREMIOS

**Festival de Berlín 1998** / sección oficial de longametraxes

**SINOPSE** Un vigairo novo chega ás illas Feroe para levar a cabo unha obra benéfica cando coñece a Bárbara, que casou xa con dous sacerdotes que descansan nas súas respectivas tumbas. A pesar das advertencias da comunidade e os seus propios escrúpulos relixiosos, o novo cura réndese aos encantos da aparentemente inocente moza.

**DRENGE BOYS**

## FICHA ARTÍSTICA

Lars Junggren, Mads Ole Erhardsen, Jesper Hede, Inez Thomsen, Ilse Rande, Lone Rode, Poul Clemmensen, Ib Tardini, Lotte Hermann, Lisbet Lipschitz, Svend Schmidt-Nielsen

## FICHA TÉCNICA

Dirección Nils Malmros      Fotografía  
 Guión Frederick Cryer,      Morten Arnfred,  
 Nils Malmros      Morten Bruus, Dirk Brüel  
 Música      Producción EBC Films /  
 Gunner Møller Pedersen      Steen Herdel Filmproduktion

## DATOS TÉCNICOS

Dinamarca / 1977 / 83 min. / drama



**SINOPSE** Unha película en tres movementos sobre nenos converténdose en adultos (pero non necesariamente madurando). Desde adquirir unha noción básica do sexo, pasando polas primeiras experiencias persoais, até finalmente atopar un certo sentido de liberdade sexual, con todas as responsabilidades e problemas que leva.

## KÆRESTESORGER ACHING HEARTS

### FICHA ARTÍSTICA

Thomas Ernst, Simone Tang, Søren Pilmark, Ida Dvinger, Kristian Halken, Andrea Vagn Jensen, Finn Nørbygård, Peter Schrøder, Jesper Svane

### FICHA TÉCNICA

Dirección Nils Malmros      Música Gunner Møller Pedersen  
 Guión Nils Malmros,      Fotografía Jan Weincke  
 John Mogensen      Producción Nordisk Film

### DATOS TÉCNICOS

Dinamarca / 2009 / 117 min. / drama



### PREMIOS

**Shanghai 2009** / mellor actriz (Simone Tang)  
**Festival Robert 2010** / mellor vestuario, maquillaxe e deseño de produción

**SINOPSE** Un grupo de rapaces de 15 anos de Viborg teñen as súas primeiras experiencias co amor, os bicos e a sexualidade, o encontro e o distanciamento. A película segue aos adolescentes nun período de tres anos, centrándose na relación entre Jonas e Agnete, que se ve dificultada por conceptos erróneos, o interese de Agnete pola filosofía e o amigo de Jonas, Toke, a enfermidade mental do seu pai e a indecisión propia de Jonas sobre os seus sentimentos por ela.

## KÆRLIGHEDENS SMERTE PAIN OF LOVE

### FICHA ARTÍSTICA

Tanja Skov, Martin Berg, Marianne Pedersen, Majken Jensen, Laura Katborg, Niels Ørnen Norup, Søren Overgaard, Birthe Neumann, Waage Sandø, Søren Østergaard, Christian Alsøe, Anne Louise Hassing, Peder Dahlgaard, Anni Bjørn, Poul Otto Udsen

### FICHA TÉCNICA

Dirección Nils Malmros      Fotografía Jan Weincke  
 Guión Nils Malmros,      Prod. Per Holst Filmproduktion /  
 John Mogensen      Det Danske Filminstitut /  
 Música Gunner Møller Pedersen      Danmarks Radio [DR]

### DATOS TÉCNICOS

Dinamarca / 1992 / 115 min. / drama



### PREMIOS

**Festival de Berlín 1993** / sección oficial de longametraxes

**SINOPSE** Unha moza que se namora do seu profesor é golpeada pola angustia e os problemas para os que non está preparada.

## FICHA ARTÍSTICA

Eva Gram Schjoldager, Jan Johansen,  
Line Arlien-Søborg, Marian Wendelbo

## FICHA TÉCNICA

Dirección Nils Malmros	Fotografía Jan Weincke
Guión Frederick Cryer, Nils Malmros	Producción Per Holst

## DATOS TÉCNICOS

Dinamarca / 1981 / 110 min. / drama



**SINOPSE** Segue a historia dun grupo de nenos daneses no seu pase da infancia á adolescencia.

## FICHA ARTÍSTICA

Søren Rasmussen, Knud Randa Frank Nielsen,  
Lars Randrup Mikkelsen, Judith Nysom, Anne-Marie Udsen,  
Ilse Sørensen, Kim Noes, Søren Peter Madsen,  
Annie Gisselmann Jensen, Bjarne Krogh-Petersen

## FICHA TÉCNICA

Dirección Nils Malmros	Fotografía Erik Nygaard
Guión Nils Malmros	Producción Dansk Lydteknik
Música Gunner Møller Pedersen	EBC Films (as EBC - film)

## DATOS TÉCNICOS

Dinamarca / 1973 / 84 min. / drama



**SINOPSE** A película relata unha serie de momentos na vida dun neno. Lars está namorada da súa compañeira de clase, Inge. Pero esta séntese atraída por Sigmar.

## SKØNHEDEN OG UDYRET

### BEAUTY AND THE BEAST

#### FICHA ARTÍSTICA

Line Arlien-Søborg, Jesper Klein, Merete Voldstedlund, Carsten Jörgensen, Eva Gram Schjoldager, Brian Theibel, Jan Johansen, Michael Nørgaard, Lone Elliot, Ib Tardini, Hans Otto Hjort Hansen, Pia Bodal, Svend Schmidt-Nielsen

#### FICHA TÉCNICA

Dirección Nils Malmros	Fotografía Søren Berthelin, Jan Weincke
Guión Nils Malmros	Producción
Música Gunner Møller Pedersen	Per Holst Filmproduktion

#### DATOS TÉCNICOS

Dinamarca / 1983 / 90 min. / drama



#### PREMIOS

**Festival de Berlín 1984** / sección oficial de longametraxes

**SINOPSE** Cando Mette e o seu pai quedan sós durante as vacacións de Nadal para pintar o novo cuarto dos nenos, o pai acaba só a maior parte do tempo. Mette é unha moza de 16 anos de idade que sempre está cos seus amigos na discoteca ou patinando, e ao seu pai non lle preocupa ata que descobre que Jonne tomou algunhas fotos de Mette semiespida e claramente ten a intención de ir máis aló na relación que mantén coa súa filla.

## SORG OG GLÆDE

### SORROW AND JOY

#### FICHA ARTÍSTICA

Jakob Cedergren, Helle Fagralid, Nicolas Bro, Ida Dvinger, Kristian Halken, Simpática Dybboe

#### FICHA TÉCNICA

Dirección Nils Malmros	Fotografía Jan Weincke, DFF
Guión Nils Malmros, John Mogensen	Producción Nordisk Filme Production A/S
Música Jan Juhler	

#### DATOS TÉCNICOS

Dinamarca / 2013 / 107 min. / drama



**SINOPSE** O cineasta Johannes e a súa muller, a profesora de escola Signe, viven a maior pena e o peor transo que un poida imaxinar. Igualmente, en toda a súa desesperación, teñen que tentar atopar o amor mutuo e maduro para así poder continuar coa súa vida despois da morte.

Con la colaboración del  
Instituto de la Cinematografía  
y de las Artes Audiovisuales  
ICAA

# CINE ESPAÑOL

*¡nuestro cine!*



Ministerio de Cultura  
Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales  
Plaza del Rey, 1  
28004 Madrid

Tel.: 91 701 7258  
Fax: 91 701 7432  
[www.mcu.es/cine/index](http://www.mcu.es/cine/index)



**DOC**  
**ne**

# ES MUSIC: IL YOUNG

**LE NOISE**

**NEIL YOUNG UNPLUGGED**  
NEIL YOUNG DESENCHUFADO

**NEIL YOUNG, MUSIC IN REVIEW**  
NEIL YOUNG, REPASO A SU MÚSICA

**RED ROCKS LIVE. NEIL YOUNG, FRIENDS & RELATIVES**  
EN DIRECTO EN RED ROCKS. NEIL YOUNG, AMIGOS Y FAMILIARES

**RUST NEVER SLEEPS**

## LE NOISE

## FICHA TÉCNICA

Dirección Adam CK Vollick,  
Daniel Lanois, Mark Howard  
Música Neil Young  
Son Chris Bellman  
Fotografía Adam CK Vollick  
Producción Daniel Lanois  
e Bernard Shakey  
(pseudónimo de Neil Young)

Asistente de producción  
Margaret Marissen  
Montaxe  
Pretty Tony Mangurian,  
Florian Flo Ammon,  
Adam CK Vollick

## DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 2010 / 39 min.



**SINOPSE** A filmación de *Le Noise* foi realizada como complemento ao álbum de Neil Young de 2010 do mesmo título, producido por Daniel Lanois. No interior do caserón-palacete-estudio de Lanois en Los Ángeles que dá título ao disco (aínda que tamén encerra un dobre sentido coa electricidade da súa guitarra), Neil Young interpreta as oito cancións do álbum. Xa sexa cunha guitarra acústica ou cunha eléctrica saturada de distorsión, e case sempre en imaxes nun branco e negro de alto contraste, Young aparece literalmente pegado a un enorme micrófono de alta precisión nun decorado sempre austero.

NEIL YOUNG UNPLUGGED  
NEIL YOUNG DESENCHUFADO

## FICHA ARTÍSTICA

Neil Young, Nils Lofgren, Astrid Young, Nicolette Larson,  
Ben Keith, Spooner Oldham, Tim Drummond,  
Oscar Butterworth, Larry Cragg

## FICHA TÉCNICA

Dirección Milton Lage, Beth McCarthy	Fotografía Joel Bernstein Producción Alex Coletti
Música Neil Young	Produtor executivo Joel Stillerman
Son John Hanlon, David Briggs, John Nowland, John Hausman	Montaxe Tim Mulligan

## DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1993 / 74 min.



**SINOPSE** O 7 de febreiro de 1993, Neil Young encerrouse nos estudos Universal de Los Ángeles para gravar un especial *Unplugged* para a cadea MTV que, xunto ao de Nirvana, ben poderían ser considerados os dous mellores concertos 'desenchufados' dos gravados para esta canle. O concerto iníciase con el só á guitarra e, despois, ao piano, para ir engadíndose o resto dos músicos que interpretan de xeito acústico clásicos do seu repertorio e un tema inédito de 1976, "Stringman". Aquel día había certa tensión entre os músicos e Neil Young nunca quedou satisfeito de todo coa gravación, co que non permitiu ata agora a edición comercial da filmación deste concerto.

## NEIL YOUNG, MUSIC IN REVIEW

NEIL YOUNG, REPASO A SU MÚSICA /  
NEIL YOUNG, REPASO A SUA MÚSICA

### FICHA ARTÍSTICA

Neil Young, Stephen Stills, Bruce Palmer, Richie Furay,  
Dewey Martin, Ralph Molina, Frank 'Poncho' Sampedro,  
Billy Talbot, Danny Whitten, Johnny Rogan, Martin Strong,  
Dean Hill, Karl Douglas, Robin La Rose, Barney Hoskyns,  
Chris Roberts, Adam Sweeting

### FICHA TÉCNICA

Dirección	L. A. Johnson	Produtores executivos	
Música	Neil Young		Sandbeach Holdings Ltd. /
Producción	Ragnarock Film		Music Reviews Ltd.

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 2006 / 81 min.



**SINOPSE** *Neil Young, Music in Review* repasa máis de tres décadas de traballo do lendario músico canadense, a través de entrevistas cun número de críticos e músicos contemporáneos falando dos seus discos editados dende os seus inicios ata principios dos anos 90. Ao mesmo tempo, intercálanse imaxes do concerto que Neil Young e Crazy Horse deron no Cow Palace de Texas en 1986, con cancións como “Hey Hey, My My” e “Rockin in the Free World”, contrastándoo co seu traballo en solitario.

## RED ROCKS LIVE. NEIL YOUNG, FRIENDS & RELATIVES

EN DIRECTO EN RED ROCKS. NEIL YOUNG, AMIGOS Y FAMILIARES /  
EN DIRECTO EN RED ROCKS. NEIL YOUNG, AMIGOS E FAMILIARES

### FICHA ARTÍSTICA

Neil Young, Ben Keith, Spooner Oldham, Donald 'Duck' Dunn,  
Jim Keltner, Astrid Young, Pegi Young

### FICHA TÉCNICA

Dirección	L. A. Johnson	Producción	L. A. Johnson, Elliot
Música	Neil Young		Rabinowitz, Bernard Shakey
Son	David Hewiit,		(pseudónimo de Neil Young)
	John Hanlon, John Nowland	Produtor asociado	Marcy Gensic
Fotografía	Lynn Rabren	Montaxe	Cheryl Campsmith

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 2000 / 122 min.



**SINOPSE** Xunto a músicos históricos da época dourada do soul así como a súa media irmá e a súa muller, Neil Young fixo unha xira no verán do 2000 que este concerto recollido no Anfiteatro Rede Rocks de Colorado documenta perfectamente. A tormenta que está a punto de facer suspender a actuación antes do seu inicio non arreda en ningún momento aos músicos. Xunto a temas menos coñecidos do seu repertorio e a inédita “Fool for Your Love”, Young recupera tamén algúns dos seus clásicos como “Everybody Knows this Is Nowhere”, “Motorcycle Mama”, “Powderfinger”, “Winterlong” ou “Harvest Moon”, destacando especialmente a acústica “Tonight’s the Night” ao piano e un “Cowgirl in the Sand” de 18 minutos.

## RUST NEVER SLEEPS

### FICHA ARTÍSTICA

Neil Young, Ralph Molina,  
Frank 'Pancho' Sampedro, Billy Talbot

### FICHA TÉCNICA

Dirección Bernard Shakey (pseudónimo de Neil Young)	Música Neil Young
Fotografía Jon Else,	Son David Hewitt, Steve Maslow
Paul Goldsmith,	Produción L. A. Johnson
Robbie Greenberg,	Produtor executivo
L. A. Johnson, David Myers,	Elliot Rabinowitz
Hiro Narita, Richard Pearce	Montaxe Neil Young

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1979 / 113 min.



**SINOPSE** A longametraxe cobre o concerto de Neil Young & Crazy Horse no Cow Palace o 22 de outubro de 1978, o mesmo que se editou como álbum en xuño de 1979. O título foi tomado dun slogan da marca de pinturas Rust-Oleum tras a suxestión de Mark Mothersbaugh, líder da banda Devo. A primeira parte da actuación é completamente acústica mentres que na segunda, eléctrica, o canadense faise acompañar da súa banda Crazy Horse. Neil Young toca tanto o seu Les Paul 57 coma a súa acústica Martin de 12 cordas, así como o piano. O escenario foi deseñado a base de xigantes amplificadores Fender e para a súa montaxe contaba cos técnicos chamados "Road Eyes" envoltos nunhas misteriosas túnicas. Aínda que o son é máis que aceptable, a gravación de 1979 non conserva unha boa calidade de imaxe.

# PREMIOS LUX

**BANDE DE FILLES**

**CLASS ENEMY**

**IDA**



**BANDE DE FILLES****FICHA ARTÍSTICA**

Diabate Idrissa, Rabah Nait Oufella, Tatiana Rojo, Karidja Touré

**FICHA TÉCNICA**

Dirección Céline Sciamma      Fotografía Crystel Fournier

Guión Céline Sciamma      Produción

Música      Pyramide Distribution

Jean-Baptiste de Laubier

**DATOS TÉCNICOS**

Francia / 2014 / 112 min. / drama



**SINOPSE** Marieme vive os seus 16 anos como unha sucesión de prohibicións, e séntese unha adolescente angustiada pola súa situación familiar, o cu de saco que parece ser a escola e a implacable lei dos mozos do barrio. Pero empeza unha nova vida ao coñecer a un grupo de mozas de espírito libre. O seu encontro con tres mozas vai cambialo todo. Elas bailan, peléxanse, falan forte, rin de todo. Marieme entón cambia de nome, de xeito de vestir e abandona a escola para ser aceptada no grupo. Marieme, reconvertida en Vic, abrazará os códigos da rúa onde violencia, amizade e liberdade converxen dun modo estraño.

Unha das tres candidatas aos Premios Lux do Cinema Europeo. Céline Sciamma, despois da moi notable "Tomboy", continúa traballando con actores novos elixidos dos seus castings na *banlieue*. Aquí, catro mozas afro-francesas en plena revolución contra unha sociedade hostil. É o reverso francés ao "Foxfire" de Joyce Carol Oates. E a súa viraxe progresiva cara á violencia está ben embriada pola sempre honesta Céline Sciamma.

**CLASS ENEMY****FICHA ARTÍSTICA**

Igor Samobor, Natasa Barbara Gracner, Tjasa Zeleznik, Masa Derganc, Robert Prebil, Voranc Boh, Jan Zupancic, Dasa Cupevski

**FICHA TÉCNICA**

Dirección Rok Bicek      Fotografía Fabio Stoll

Guión Nejc Gazvoda,      Produción Triglav Filme

Rok Bicek, Janez Lapajne

**DATOS TÉCNICOS**

Eslovenia / 2013 / 112 min. / drama

Título orixinal Razredni sovraznik

**PREMIOS****Festival de Venecia 2013 / mellor película da Semana da Crítica**

**SINOPSE** A unha clase de instituto chega un profesor autoritario que fai saltar polo aire a rutina dos alumnos mediante tensións e conflitos.

Este filme esloveno conseguiu visibilidade ao gañar a Semana da Crítica en Venecia. E a partir de aí iniciou a súa ruta triunfal por unha decena de festivais europeos até a súa candidatura aos Premios Lux. Ofrece unha vertente crúa do cinema "de aulas". Aquí non hai club de poetas mortos nin profesor Keating. Unha alumna que se suicida, un titular de alemán que pasa por déspota obsesionado con Thomas Mann. Un cabeza de turco. Outra das firmes candidatas a gañar neste XXVIII Cineuropa.

**IDA****FICHA ARTÍSTICA**

Agata Kulesza, Agata Trzebuchowska, Joanna Kulig,  
Dawid Ogrodnik, Jerzy Trela, Adam Szyszkowski,  
Artur Janusiak, Halina Skoczynska, Mariusz Jakus

**FICHA TÉCNICA**

Dirección	Pawel Pawlikowski	Fotografía	Lukasz Zal,
Guión	Pawel Pawlikowski,	Ryszard Lenczewski (b/n)	
Rebecca Lenkiewicz		Coprodución	
Música	Kristian Selin	Polonia-Italia-Dinamarca;	
Eidnes Andersen		Opus Film / Phoenix Film	

**DATOS TÉCNICOS**

Polonia / 2013 / 80 min. / drama  
Título orixinal *Ida* (Sister of Mercy)

**PREMIOS**

**Festival de Toronto 2013** / premio FIPRESCI (Special Presentations)

**Festival de Xixón 2013** / mellor película, actriz (Kulesza),  
guión e dirección artística

**Festival de Londres 2013** / mellor película

**Festival de Varsovia 2013** / mellor película

**Premios David di Donatello 2013** / nominación mellor película europea

**SINOPSE** Polonia, 1960. Anna, unha moza novicia que está a piques de facerse monxa, descobre un escuro segredo de familia que data da terrible época da ocupación nazi.

**SONS** **tránsitos**

2º  
*festival*

**Teatro Principal**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
OUTUBRO 2014

venres **12**

**LUAR NA LUBRE** / Galicia  
**ANDRÉS PENABAD** / Galicia  
20.30

sábado **13**

**VITOR RAMIL** / Brasil  
coa colaboración de  
Xabier Díaz / Guadi Galego  
Guillermo Fernández / Uxía  
20.30

SONS **14**



# CANDO TIBURÓN

## ascenso e caída

**PHANTOM OF THE PARADISE** {1974}  
EL FANTASMA DEL PARAÍSO *película inaugural*

**THE LAST MOVIE** {1970}

**THE LIBERATION OF L. B. JONES** {1970}  
NO SE COMPRO EL SILENCIO

**PUZZLE OF A DOWNFALL CHILD** {1970}  
CONFESIONES DE UNA MODELO

**FIVE EASY PIECES** {1970}

**WANDA** {1970}

**THE RAIN PEOPLE** {1970}  
LLUEVE SOBRE MI CORAZÓN

**LOVING** {1970}

**TAKING OFF** {1971}  
JUVENTUD SIN ESPERANZA

**VANISHING POINT** {1971}  
PUNTO LÍMITE: CERO

**THE GRISSOM GANG** {1971}  
LA BANDA DE LOS GRISSOM

**HAROLD AND MAUDE** {1971}  
HAROLD Y MAUDE

**BAD COMPANY** {1972}  
PISTOLEROS EN EL INFIERNO

**THE KING OF MARVIN GARDENS** {1972}

**THE CAREY TREATMENT** {1972}  
DIAGNÓSTICO: ASESINATO

**THE VISITORS** {1972}  
LOS VISITANTES

**THE HEARTBREAK KID** {1972}  
EL ROMPECORAZONES

**CISCO PIKE** {1972}

**SISTERS** {1973}  
HERMANAS

**BLUME IN LOVE** {1973}  
BLUME ENAMORADO

**SCARECROW** {1973}  
EL ESPANTAPÁJAROS

**CLEOPATRA JONES** {1973}

**BAADASSSSS CINEMA** {2002}

**SCORPIO** {1973}

**THE GAMBLER** {1974}  
EL JUGADOR

**HARRY AND TONTO** {1974}  
HARRY Y TONTO

**THE SUGARLAND EXPRESS** {1974}  
LOCA EVASIÓN

**THE PARALLAX VIEW** {1974}  
EL ÚLTIMO TESTIGO

**LENNY** {1974}

**INSERTS** {1974}

**NASHVILLE** {1975}

**SHAMPOO** {1975}

**AT LONG LAST LOVE** {1975}  
UN LARGO Y DEFINITIVO AMOR

**THE DAY OF THE LOCUST** {1975}  
COMO PLAGA DE LANGOSTA

**BOUND FOR GLORY** {1976}  
ESTA TIERRA ES MI TIERRA

**HELTER SKELTER** {1976}

**THE MISSOURI BREAKS** {1976}  
MISSOURI

**MIKEY AND NICKY** {1976}

**NETWORK** {1976}  
UN MUNDO IMPLACABLE

**BLACK SUNDAY** {1977}  
DOMINGO NEGRO

# DEVOROU O CINE: DO NOVO HOLLYWOOD

**TWILIGHT'S LAST GLEAMING** (1977)  
ALERTA MÍSILES

**SORCERER** (1977)  
CARGA MALDITA

**FINGERS** (1978)  
MELODÍA PARA UN ASESINATO

**BLUE COLLAR** (1978)

**WHEN A STRANGER CALLS** (1979)  
LLAMA UN EXTRAÑO

**SAINT JACK** (1979)  
EL REY DE SINGAPUR

**THE ONION FIELD** (1979)  
EL CAMPO DE CEBOLLAS

**THEY ALL LAUGHED** (1980)  
TODOS RIERON

**POPEYE** (1980)

**MELVIN AND HOWARD** (1980)

**THE ISLAND** (1980)  
LA ISLA

**SOUTHERN COMFORT** (1980)  
LA PRESA

**THE KILLING OF AMERICA** (1980)

**PERSONAL BEST** (1981)  
SU MEJOR MARCA

**STAR 80** (1982)

**LOVE STREAMS** (1983)  
CORRIENTES DE AMOR

---

## DOCS

**HEARTS OF DARKNESS:  
A FILMMAKER'S  
APOCALYPSE** (1991)  
CORAZONES EN TINIEBLAS

**THE KID STAYS  
IN THE PICTURE** (2002)  
EL CHICO QUE CONQUISTÓ HOLLYWOOD

**EASY RIDERS, RAGING BULLS** (2003)  
LA GENERACIÓN QUE CAMBIÓ HOLLYWOOD

**PASSION AND POETRY:  
THE BALLAD OF  
SAM PECKINPAH** (2005)

**JAWS: THE INSIDE STORY** (2010)

**CORMAN'S WORLD** (2011)  
EL MUNDO DE ROGER CORMAN

---

## QUE FOI DE...?

ELANIE MAY  
**ISHTAR** (1987)

FRANCIS F. COPPOLA  
**TUCKER** (1988)  
**TWIXT** (2011)

MICHAEL CIMINO  
**THE SUNCHASER** (1996)

WARREN BEATTY  
**BULWORTH** (1998)

WILLIAM FRIEDKIN  
**BUG** (2006)

BRIAN DE PALMA  
**PASSION** (2012)

PAUL SCHRADER  
**THE CANYONS** (2013)



O espectacular éxito de *Easy Rider* en 1969, unha película de moteiros de escaso orzamento, marcou o inicio dunha nova era en Hollywood. Unha xeración de directores novos, Scorsese, Coppola, William Friedkin, Brian de Palma, Paul Schrader, Hal Ashby, Peter Bogdanovich e Michael Cimino, entre outros, comezaron a filmar con actores aínda pouco coñecidos, como Robert De Niro, Al Pacino e Jack Nicholson, un grupo ao que se sumou sen titubeos unha estrela xa consolidada como Warren Beatty e un produtor con experiencia e man esquerda para mediar no negocio do cinema como Robert Evans. En poucos anos convertéronse nos novos e poderosos señores de Hollywood. Iso asentouse sobre unha portentosa cadea de películas que

deviñeron clásicos contemporáneos: “O Padríño”, “Harold e Maude”, “The Last Picture Show”, “O exorcista”, “¿Que me pasa, doutor?”, “Carrie”, “Shampoo” “Taxi Driver” e “O Cazador”.

Despois dese aluvión de éxitos, o grupo de “golden boys” obtivo todo tipo de prerrogativas. A el sumáronse, nunha segunda instancia, o moi tímido Steven Spielberg e o introvertido George Lucas. Hollywood tivo que pregarse ás esixencias duns ‘mozos bárbaros’ que, fóra de Spielberg, Lucas e do calvinista Paul Schrader, proviñan da contracultura do 68 e estaban afeitos ao consumo de drogas como algo habitual. A mestura de delirios de grandeza e politoxicomanías conduciu ao grupo de cineastas a unha inevitable megalomanía que, ao cabo, marcaría a súa caída.

Bogdanovich, empeñado en converter a *Cybill Shepherd* nunha estrela, tivo estrepitosos fracasos como “Un longo e definitivo amor” ou “Daisy Miller”. Paul Schrader, con teimas suicidas e unha pistola sempre no peto, non se recuperou do fracaso da súa versión de “O bico da panteira” e, sobre todo, a autodestrutiva “Mishima”, rodada en xaponés. Friedkin embarrancou coa catastrófica rodaxe na selva de América Central do *remake* de “O salario do medo”, “Carga maldita”. Aos millóns de máis investidos nesa rodaxe sobreveulle un mal maior. Estreouse a mesma fin de semana que “A guerra das galaxias”, co que automaticamente quedou sepultada.

Hal Ashby faleceu traxicamente tras a exitosa “Benvido Mr. Chance”. E, finalmente, dous nomes asociados a cadansúa ruína financeira deron a puntilla á revolución do Novo Hollywood: a Coppola os dous anos de infernal rodaxe en Filipinas de “Apocalypse Now” metérono en números vermellos, aínda coa Palma de Ouro en Cannes. E Michael Cimino levou a lenda negra de afundir literalmente a United Artis con “A porta do ceo”, un western viscontiano cuxa metraxe de 210 minutos quedou reducido na sala de montaxe a 130. O que vén despois disto é o descabezamento da xeración que puido cambiar Hollywood.

Spielberg, sen facer ruído, mudara as formas de exhibición con “Tiburón”, estreada simultaneamente nas salas de todo o país. E Lucas e “Star Wars” marcaron o principio da fin das películas de guiñón ou de actores, e a chegada da era dos efectos especiais.

Hoxe non se lle oculta a ninguén que, tras a escusa financeira, había tamén unha incomodidade ideolóxica que o stablish-

ment decidiu cortar de raíz. Un pesadelo sobre o soño americano, que Coppola facía cachizas no Vietnam espectral de “Apocalypse Now”, e unha película como “A porta do ceo” que, disfrazada de western, contaba como antes de Alemaña os pogromos máis sangrentos contra os xudeus tiveron lugar nos Estados Unidos en 1899 foron demasiada subversión para non traer consecuencias. E a iso sumouse Warren Beatty, bendicido polos Oscar por “Roxos” pero definitivamente estigmatizado pola era Reagan.

Alguén, desde moi arriba, mandou parar. E o Novo Hollywood foi progresivamente acantoado. Foi unha nova e nunca ben contada “caza de bruxas”. Sobreviviron a ela, despois de estar varias veces en capela, Scorsese e, relativamente, De Palma. E os herdeiros do trono foron dous bos mozos sen maiores inquietudes ideolóxicas como Lucas e Spielberg. Eles son os viláns desta historia [ese Spielberg ao que poden ver no dentado cartel do ciclo, obra de Dani Sanchís] que propomos contarlles en 70 películas. Eliximos os títulos menos obvios da tolemia dos *seventies*, moitos deles inéditos en España.

E engadimos unha coda: o presente do Novo Hollywood. Un ostracismo no cal Michael Cimino, na actualidade máis coñecido polo seu dubidoso proceso de reasignación de sexo que pola súa carreira xa finiquitada, deixou a crepuscular “The Sunchaser”. Warren Beatty permitiuse o último hurra dunha película política dunha radicalidade política inusitada, “Bulworth”, que marcou o seu prematuro mutis. Coppola rodou hai tres anos “Twixt” sen que o mundo se decatase. Friedkin filmou películas de baixo orzamento como “Bug” ou “Kill Joe”. Un escenario sen lugar para Brian de Palma, cuxa “Passion” segue inédita. Un mundo sen piedade no cal Paul Schrader rodou o ano pasado “The Canyions”, financiado por unha *celebrity* como Lindsay Lohan e cun actor porno como James Deen de protagonista.

Pasen e vexan a orxía perpetua do Novo Hollywood do setenta. Presencien a demencia creativa. Os tempos cando os autores foron reis. E vexan o que queda da festa a día de hoxe, os restos do naufragio.

## PHANTOM OF THE PARADISE EL FANTASMA DEL PARAÍSO / A PANTASMA DO PARAÍSO

### FICHA ARTÍSTICA

Paul Williams, Jessica Harper, William Finley,  
George Memmoli, Gerrit Graham, Archie Hahn,  
Jeffrey Comanor, Peter Elbling, Janus Blythe

### FICHA TÉCNICA

Dirección Brian De Palma      Fotografía Larry Pizer  
Guión Brian De Palma      Producción 20th Century Fox  
Música Paul Williams

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1974 / 92 min. / musical



### PREMIOS

**Oscar 1974** / nominada á mellor canción orixinal da banda sonora orixinal  
**Globos de Ouro 1974** / nominada á mellor banda sonora orixinal

**SINOPSE** Paul Williams escribiu a partitura deste clásico do cinema musical de terror, no cal participa interpretando o papel do malvado magnate da música perseguido por un compositor desfigurado ao que mete en prisión para roubarlle as súas composicións. Unha vez en liberdade, a pantasma namórase da nova estrela da canción promocionada polo magnate, comezando así a súa particular vinganza.

## THE LAST MOVIE

### FICHA ARTÍSTICA

Dennis Hopper, Stella Garcia, Julie Adams, Tomas Milian, Don Gordon, Roy Engel, Donna Baccala, Samuel Fuller, Dean Stockwell, Kris Kristofferson, Michelle Phillips, Russ Tamblyn, Henry Jaglom, John Phillip Law, Severn Darden, Jim Mitchum, Peter Fonda

### FICHA TÉCNICA

Dirección	Dennis Hopper	Kris Kristofferson,
Guión	Stewart Stern	John Buck Wilkin
(historia: Dennis Hopper)		Fotografía
Música	Severn Darden,	László Kovács
Chabuca Granda,		Producción
		Alta-Light /
		Universal Pictures

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1971 / 108 min. / drama



**SINOPSE** A rodaxe dunha película nunha aldea peruana complica-se cando un actor morre durante unha escena perigosa. Kansas decide entón deixar de facer cine e quedar a vivir alí cunha muller da aldea. Non obstante, o seu soño de levar unha vida idílica e sen complicacións vese interrompido cando o sacerdote local lle pide que lle axude a evitar un grave problema: os nativos da aldea, que finxen filmar unha película, enfróntanse violentamente entre si, imitando o que viron durante a rodaxe.

## THE LIBERATION OF L. B. JONES

NO SE COMPRO EL SILENCIO / NON SE COMPRO O SILENCIO

### FICHA ARTÍSTICA

Lee J. Cobb, Anthony Zerbe, Roscoe Lee Browne, Lola Falana, Lee Majors, Barbara Hershey, Yaphet Kotto, Arch Johnson, Chill Wills, Zara Cully, Fayard Nicholas, Joseph Attles

### FICHA TÉCNICA

Dirección	William Wyler	Fotografía	Robert Surtees
Guión	Stirling Silliphant	Produción	
(novela: Jesse Hill Ford)		Columbia Pictures /	
Música	Elmer Bernstein	Liberation Company	

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1970 / 102 min. / drama



### PREMIOS

**Globos de Ouro 1970 / nominada nova promesa feminina (Lola Falana)**

**SINOPSE** O empresario de pompas fúnebres L. B. Jones, o home negro máis rico do condado, quere divorciarse da súa muller porque lle foi infiel cun policía branco. Jones puxo o caso nas mans do avogado máis prestixioso da cidade e todo parece que se solucionará de mutuo acordo. Pero, de súpeto, a muller cambia de opinión e rexeita o pacto, porque supoñería un proceso no que o policía sería chamado a declarar e perdería o seu emprego.

## PUZZLE OF A DOWNFALL CHILD

CONFESIONES DE UNA MODELO / CONFESIÓNS DUNHA MODELO

### FICHA ARTÍSTICA

Faye Dunaway, Barry Primus, Viveca Lindfors,  
Barry Morse, Roy Scheider, Ruth Jackson

### FICHA TÉCNICA

Dirección Jerry Schatzberg	Música Michael Small
Guión Carole Eastman	Fotografía Adam Holender
(historia: Carole Eastman, Jerry Schatzberg)	Produción Universal Pictures

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1970 / 105 min. / drama



### PREMIOS

**Globos de Ouro 1970** / nominada mellor actriz de drama [Faye Dunaway]

**SINOPSE** Lou Andreas Sand, unha modelo famosa noutros tempos, rememora o seu pasado: os seus intentos de ter éxito no mundo da moda en Nova York, as súas xornadas esgotadoras, o seu romance co publicista Mark, a súa amizade co fotógrafo Aaron e o seu descenso cara á ruína.

## FIVE EASY PIECES

### FICHA ARTÍSTICA

Jack Nicholson, Karen Black, Susan Anspach, Lois Smith,  
Billy Green Bush, William Challee, Helena Kallianiotes

### FICHA TÉCNICA

Dirección Bob Rafelson	Fotografía Laszlo Kovacs
Guión Adrien Joyce	Produción Columbia Pictures presents a BBS Productions
(historia: Adrien Joyce & Bob Rafelson)	

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1970 / 90 min. / drama



### PREMIOS

**Oscar 1970** / catro nominacións: mellor película, guión,  
actor [Jack Nicholson] e actriz secundaria [Karen Black]  
**Globos de Ouro 1970** / mellor actriz de reparto [ex aequo: Karen Black]  
Cinco nominacións  
**Círculo de Críticos de Nova York 1970** / mellor película, director  
e actriz secundaria [Karen Black]

**SINOPSE** Robert Dupea, que foi un neno prodixio como pianista, traballa nunhas explotacións petrolíferas. Cando volve ver a súa irmá, convertida nunha famosa pianista, decide regresar ás súas orixes e ao camiño que abandonou.

## WANDA

### FICHA ARTÍSTICA

Barbara Loden, Michael Higgins, Dorothy Shupenes,  
Peter Shupenes, Jerome Thier, Marian Thier, Anthony Rotell

### FICHA TÉCNICA

Dirección Barbara Loden      Producción Foundation  
Guión Barbara Loden      for Filmmakers /  
Música varios      Bardene International  
Fotografía Nicholas T. Proferes

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1970 / 101 min. / drama



**SINOPSE** Na zona obreira dos suburbios de Pennsylvania, Wanda Goronski, unha muller con problemas, abandona a súa familia e remata mergullada nun mundo de perda.

## THE RAIN PEOPLE

LLUEVE SOBRE MI CORAZÓN / CHOVE SOBRE O MEU CORAZÓN

### FICHA ARTÍSTICA

Shirley Knight, James Caan, Robert Duvall, Tom Aldredge,  
Marya Zimmet, Andrew Duncan, Laurie Crewes

### FICHA TÉCNICA

Dirección Francis Ford Coppola      Fotografía Wilmer Butler  
Guión Francis Ford Coppola      Producción Warner Bros. /  
Música Ronald Stein      Zoetrope

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1969 / 102 min. / drama



### PREMIOS

**San Sebastián 1969** / Concha de Ouro

**SINOPSE** Nat é unha muller embarazada que decide fuxir do seu marido para sentirse libre. Conducindo sen rumbo fixo, na estrada recolle a un autoestopista, un mozo xogador de fútbol americano que padece un certo retraso mental a causa dun accidente sufrido mentres xogaba.

## LOVING

### FICHA ARTÍSTICA

George Segal, Eva Marie Saint, Sterling Hayden,  
Keenan Wynn, Nancie Phillips, Janis Young, David Doyle,  
Paul Sparer, Andrew Duncan, Sherry Lansing

### FICHA TÉCNICA

Dirección Irvin Kershner	Fotografía Gordon Willis
Guión Don Devlin	Producción Columbia Pictures Corporation / Brooks Ltd.
(novela: J. M. Ryan)	
Música Bernardo Segall	

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1970 / 89 min. / comedia



**SINOPSE** Brooks Wilson está en crise. Vive dividido entre a súa muller, Selma, coas súas dúas fillas, e unha amante que lle pide compromiso. Tamén entre a súa exitosa carreira como ilustrador comercial e a sensación de que aínda podería crear algo valioso. O punto de xiro chega cando un encontro indiscreto coa muller do seu socio queda gravado por un circuíto pechado de cámaras.

## TAKING OFF

JUVENTUD SIN ESPERANZA / XUVENTUDE SEN ESPERANZA

### FICHA ARTÍSTICA

Lynn Carlin, Buck Henry, Georgia Engel, Tony Harvey,  
Audra Lindley, Paul Benedict, Vincent Schiavelli,  
David Gittler, Ike Turner, Tina Turner,  
Linnea Heacock, Rae Allen

### FICHA TÉCNICA

Dirección Milos Forman	Música Kathy Bates, Catherine Heriza
Guión Milos Forman, John Guare, John Klein, Jean-Claude Carrière	Fotografía Miroslav Ondříček
	Producción Universal Pictures

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1971 / 93 min. / comedia



### PREMIOS

**Cannes 1971** / gran premio do xurado. Nominada á Palma de Ouro  
**BAFTA 1972** / sete nominacións, incluíndo mellor película,  
mellor director e mellor guión

**SINOPSE** Cando unha adolescente escapa da casa, os seus pais esfórzanse por encontrala. Nestas circunstancias, chegan a coñecer outros matrimonios que se achán en idéntica situación.

## VANISHING POINT

### PUNTO LÍMITE: CERO

#### FICHA ARTÍSTICA

Barry Newman, Cleavon Little, Dean Jagger,  
Victoria Medlin, Paul Koslo, Robert Donner,  
Timothy Scott, Charlotte Rampling, Gilda Texer

#### FICHA TÉCNICA

Dirección **Richard C. Sarafian** Música **varios**  
Guión **Guillermo** Fotografía **John A. Alonzo**  
**Cabrera Infante** Producción **20th Century-Fox**

#### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1971 / 99 min. / acción



**SINOPSE** Kowalski (Barry Newman), que traballa nun negocio de aluguer de vehículos, aposta que é capaz de conducir de Colorado a San Francisco en menos de 15 horas. Polo camiño encontrarase con personaxes distintos: uns intentarán competir con el; outros, directamente, impedir que leve a cabo a súa fazaña.

## THE GRISSOM GANG

LA BANDA DE LOS GRISSOM / A BANDA DOS GRISSOM

#### FICHA ARTÍSTICA

Kim Darby, Scott Wilson, Tony Musante,  
Robert Lansing, Irene Dailey, Connie Stevens

#### FICHA TÉCNICA

Dirección **Robert Aldrich** Música **Gerald Fried**  
Guión **Leon Griffiths** Fotografía **Joseph Biroc**  
(novela: James Hadley Chase) Producción **ABC**

#### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1971 / 127 min. / intriga



**SINOPSE** Unha moza da alta sociedade é secuestrada por uns matóns co obxecto de obter un substancioso rescate.

## HAROLD AND MAUDE

HAROLD Y MAUDE / HAROLD E MAUDE

### FICHA ARTÍSTICA

Ruth Gordon, Bud Cort, Vivian Pickles, Cyril Cusack,  
Charles Tyner, Ellen Geer, Tom Skerritt

### FICHA TÉCNICA

Dirección Hal Ashby                      Fotografía John A. Alonzo  
Guión Colin Higgins                      Producción Paramount Pictures  
Música Cat Stevens

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1971 / 90 min. / drama



### PREMIOS

**Seminci 1974** / Espiga de Ouro: mellor película  
**Globos de Ouro 1971** / dúas nominacións: mellor actor (Bud Cort)  
e mellor actriz (Ruth Gordon) de musical/comedia

**SINOPSE** Comedia negra que relata a historia dun mozo de boa familia obsesionado coa morte, até o punto de que o seu pasatempo favorito é probar diferentes métodos de suicidio. Obtivo excelentes críticas.

## BAD COMPANY

PISTOLEROS EN EL INFIERNO / PISTOLEIROS NO INFERNO

### FICHA ARTÍSTICA

Jeff Bridges, Barry Brown, John Savage,  
Ed Lauter, David Huddleston, Jim Davis

### FICHA TÉCNICA

Dirección Robert Benton                      Música Harvey Schmidt  
Guión David Newman,                      Fotografía Gordon Willis  
Robert Benton                      Prod. Paramount Pictures

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1972 / 94 min. / western



**SINOPSE** No Oeste, un grupo de mozos viven a conta de ser "desperados", pero axiña descubrirán que o seu traballo, máis duro do que pensaban, implicaos en actos de violencia e traizón.

## THE KING OF MARVIN GARDENS

### FICHA ARTÍSTICA

Jack Nicholson, Bruce Dern, Ellen Burstyn, Scatman Crothers,  
Julia Anne Robinson, Charles Lavigne, John Ryan

### FICHA TÉCNICA

Dirección	Bob Rafelson	Producción	
Guión	Jacob Brackman	Columbia Pictures /	
Fotografía	Laszlo Kovacs	BBS Productions	

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1972 / 104 min. / drama



**SINOPSE** A un DJ da radio David Staebler (Jack Nicholson) invítalo o seu irmán Jason (Bruce Dern), un estafador que prepara un gran golpe, a ir a Atlantic City. Mentres tanto, Sally (Ellen Burstyn), unha atractiva muller madura, véndese por un breve refacho de felicidade.

## THE CAREY TREATMENT

DIAGNÓSTICO: ASESINATO / DIAGNÓSTICO: ASASINATO

### FICHA ARTÍSTICA


James Coburn, Jennifer O'Neill, Skye Aubrey,  
Pat Hingle, Dan O'Herlihy, Elizabeth Allen

### FICHA TÉCNICA

Dirección	Blake Edwards	Fotografía	Frank Stanley
Guión	James P. Bonner	Producción	MGM
Música	Roy Budd		

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1972 / 101 min. / intriga



**SINOPSE** Nun hospital de Boston cométese un asasinato do que se acusa a un médico. Peter, outro médico que acaba de chegar ao centro e que non cre na culpabilidade do seu colega, decide iniciar unha investigación, arriscando a súa propia vida, para descubrir o verdadeiro culpable.

## THE VISITORS

### LOS VISITANTES / OS VISITANTES

#### FICHA ARTÍSTICA

Patrick McVey, Patricia Joyce, James Woods,  
Steve Railsback, Chico Martínez

#### FICHA TÉCNICA

Dirección Elia Kazan                      Fotografía Nicholas T. Proferes  
Guión Elia Kazan                          Producción United Artists  
Música Johann Sebastian Bach

#### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1972 / 84 min. / drama



#### PREMIOS

**Festival de Cannes 1972** / nominada á Palma de Ouro (mellor película)

**SINOPSE** Bill Schmidt (James Woods) e Martha Wayne (Patricia Joyce) son unha parella nova que pretende independizarse economicamente do pai dela (Patrick McVey), un coñecido novelista de westerns, que non oculta a súa clara animadversión cara Bill. Un día a parella recibe unha inquietante visita: Tony Rodríguez (Chico Martínez) e Mike Nickerson (Steve Railsback), sarxento de Bill en Vietnam, acaban de saír do cárcere, tras cumprir unha condena debido a unha denuncia que Bill presentou contra eles.

## THE HEARTBREAK KID

### EL ROMPECORAZONES / O ROMPECORAZÓN

#### FICHA ARTÍSTICA

Charles Grodin, Cybill Shepherd, Jeannie Berlin,  
Audra Lindley, Eddie Albert

#### FICHA TÉCNICA

Dirección Elaine May                      Música Garry Sherman  
Guión Neil Simon                          Fotografía Owen Roizman  
(historia curta:                                  Producción Palomar  
Bruce Jay Friedman)                      Pictures Corporation

#### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1972 / 104 min. / comedia



#### PREMIOS

**Oscar 1972** / dúas nominacións: mellor actor secundario (Eddie Albert) e actriz secundaria (Jeannie Berlin)

**Globos de Ouro 1972** / tres nominacións: mellor actor (Charles Grodin), actriz secundaria (Jeannie Berlin) e guión

**Círculo de Críticos de Nova York 1972** / mellor actriz secundaria (Jeannie Berlin)

**SINOPSE** Ao terceiro día da súa lúa de mel en Miami, o xudeu neioirquino Lenny coñece unha espectacular loura, Kelly. Este feito confírmalle que cometeu un serio erro ao casar, e que o que en realidade desexa é a Kelly...

## CISCO PIKE

### FICHA ARTÍSTICA

Kris Kristofferson, Gene Hackman, Karen Black, Viva, Harry Dean Stanton, Joy Bang, Roscoe Lee Brown, Severn Darden, Antonio Fargas, Howard Hesseman

### FICHA TÉCNICA

Dirección	Bill L. Norton	Producción	
Guión	Bill L. Norton,	Acrobat Productions /	
	Robert Towne	Columbia Pictures Corporation	
Fotografía	Vilis Lapenieks		

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1972 / 95 min. / thriller



**SINOPSE** Gene Hackman interpreta un poli que chantaxea a unha estrela do rock en decadencia -Kris Kristofferson, que tamén canta— para que venda para el 100 kg de “material” en apenas unha fin de semana. Dado o pasado delituoso do noso protagonista, a persecución tola á que é sometido polo policía, a relación que mantén coa súa parella (unha estupenda Karen Black) e a chegada do seu antigo compañeiro musical enganchado ao cabalo (Harry Dean Stanton na súa liña de sempre, é dicir, xenial), o encargo non lle será nada doado. Destacar ademais o pequeno cameo dun macarra do carallo: Antonio Fargas, tan querido por estes lares.

## SISTERS HERMANAS / IRMÁS

### FICHA ARTÍSTICA

Margot Kidder, Jennifer Salt, Charles Durning, William Finley, Lisle Wilson, Barnard Hughes, Mary Davenport, Dolph Sweet

### FICHA TÉCNICA

Dirección	Brian De Palma	Fotografía	Gregory Sandor
Guión	Brian De Palma,	Producción	American
	Louisa Rose		International Pictures
	(historia: Brian De Palma)	Produtor	
Música	Bernard Herrmann	Edward R. Pressman	

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1973 / 93 min. / intriga



**SINOPSE** O azar da natureza quixo que dúas irmás xemelgas siamesas vivisen cos seus corpos unidos varios anos, concretamente até a adolescencia. A ciencia, grazas a unha complicada intervención cirúrxica, logra separalas. Mentres unha é unha persoa amable e doce, a outra é todo o contrario, lunática e demente. O problema é que nunca sabes a quen tes diante...

## BLUME IN LOVE BLUME ENAMORADO / BLUME NAMORADO

### FICHA ARTÍSTICA

George Segal, Susan Anspach, Kris Kristofferson,  
Marsha Mason, Shelley Winters, Donald Muhick,  
Paul Mazursky, Shelley Morrison, Jo Morrow, Gigi Ballista

### FICHA TÉCNICA

Dirección Paul Mazursky      Fotografía Bruce Surtees  
Guión Paul Mazursky      Producción Warner Bros  
Música Bill Conti

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1973 / 115 min. / comedia



**SINOPSE** Unha comedia costumista que resulta tan ambiciosa como discreta. Os problemas de adaptación sentimental dun recentemente divorciado e a súa incapacidade para asumir a vida que escolleu a súa exmuller constitúen a base dun relato no que se apunta moito máis do que se mostra. É un produto estritamente conxuntural que envelleceu en demasía.

## SCARECROW EL ESPANTAPÁJAROS / O ESPANTALLO

### FICHA ARTÍSTICA

Al Pacino, Gene Hackman, Dorothy Tristan,  
Ann Wedgeworth, Richard Lynch, Eileen Brennan

### FICHA TÉCNICA

Dirección Jerry Schatzberg      Fotografía Vilmos Zsigmond  
Guión Garry Michael White      Producción  
Música Fred Myrow      Warner Bros. Pictures

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1973 / 115 min. / drama



**SINOPSE** Max, un presidiario recentemente saído do cárcere, maduro, camorrista e conflitivo, atopa na estrada, mentres fai autostop, a Lionel, un vagabundo sen destino, moito máis novo ca el e dunha grande inxenuidade e candidez, ao que ofrece a posibilidade de unirse a el como socio no negocio de lavado de automóviles que pretende montar en Pittsburgh, e co que aspira a pór fin á súa carreira de habitante perpetuo de todo tipo de prisións. Lionel acepta e, a partir dese momento, ambos inician un particular periplo viaxando como autostopistas ou coándose nos furgóns de carga dos trens. O diñeiro escasea e Max decide visitar a súa irmá Coley. Na súa casa coñecerá a unha fresca e atractiva amiga desta, Frenchy, coa que compartirá unha noite de amor. Tras unha pelexa que orixina Max nun bar de estrada, ambos pasan unha noite entre reixas. Á saída e previamente á súa chegada ao destino final, Lionel tenta contactar coa súa antiga noiva Annie, que vive en Detroit e da que foxiu tras deixala embarazada e abafado pola responsabilidade, coa ilusión de coñecer un fillo do que non sabe nome nin sexo.

## CLEOPATRA JONES

### FICHA ARTÍSTICA

Tamara Dobson, Bernie Casey, Brenda Sykes, Antonio Fargas, Dan Frazer, Bill McKinney, Stafford Morgan, Don Cornelius, Shelley Winters, Paul Koslo, John Garwood, Christopher Joy, Nick Dimitri

### FICHA TÉCNICA

Dirección Jack Starrett	Música J. J. Johnson
Guión Sheldon Keller, Max Julien	Fotografía David M. Walsh Prod. Warner Bros. Pictures

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1973 / 89 min. / acción



**SINOPSE** Cleopatra Jones é unha axente especial do goberno norteamericano cuxa misión é loitar contra o narcotráfico tanto dentro como fóra do seu país. Cando recibe o encargo de supervisar a destrución dunha plantación de opio en Turquía, ten que enfrontarse a Mommy, a vingativa propietaria da plantación. Esta, grazas aos seus contactos con policías corruptos, consegue que se clausure a clínica de desintoxicación do noivo da axente.

## BAADASSSSS CINEMA

### FICHA ARTÍSTICA


Jim Brown, Larry Cohen, Tamara Dobson, Ron Finley, Pam Grier, Ed Guerrero, Isaac Hayes, Gloria Hendry, Bell Hooks, Roy Innis, Jesse Jackson, Samuel L. Jackson, Max Julien, Jim Kelly, Yaphet Kotto

### FICHA TÉCNICA

Dirección Isaac Julien	Coprodución
Guión Isaac Julien	USA-Reino Unido; Independent Film
Música Andy Cowton	Channel (IFC) / Minerva Picture Company Ltd.
Fotografía Jonathan Partridge, Neal Brown, Gary Kinlead	

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 2002 / 58 min. / documental



**SINOPSE** Entrevistas e imaxes de arquivo que ilustran e comentan a historia do xénero "blaxploitation".

## SCORPIO

### FICHA ARTÍSTICA

Burt Lancaster, Alain Delon, Jean Laurier, Paul Scofield, John Colicos, Gayle Hunnicutt, J. D. Cannon, Joanne Linville, William Smithers, Mel Stewart, Vladek Sheybal, Mary Maude

### FICHA TÉCNICA

Dirección	Michael Winner	Fotografía	Robert Paynter
Guión	David W. Rintels, Gerald Wilson	Produción	The Mirisch Corporation- Scimitar Productions
(historia:	David W. Rintels)		
Música	Jerry Fielding		

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1973 / 114 min. / thriller



**SINOPSE** A CIA empeza a sospeitar que o experto axente Cros (Burt Lancaster) é, en realidade, un traidor que traballa para o KGB. Decídese, entón, eliminalo, pero o plan falla e Cros consegue escapar a Europa. Así as cousas, a axencia contrata un mozo asasino francés chamado Scorpio (Alain Delon) para que acabe con Cros. Iníciase así unha frenética caza humana.

## THE GAMBLER

### EL JUGADOR / O XOGADOR

### FICHA ARTÍSTICA

James Caan, Paul Sorvino, Lauren Hutton, Morris Carnovsky, Jacqueline Brookes, Burt Young, Vic Tayback, M. Emmet Walsh, James Woods, Carmine Caridi

### FICHA TÉCNICA

Dirección	Karel Reisz	Fotografía	Victor J. Kemper
Guión	James Toback	Produción	
Música	Jerry Fielding		Paramount Pictures

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1974 / 111 min. / drama



### PREMIOS

**Globos de Ouro 1974** / nominada ao mellor actor de drama (James Caan)

**SINOPSE** Alex Freed (James Caan) é profesor de literatura, pero á vez adicto ao xogo. Perdeu todo o seu diñeiro e ten que pedir prestado para seguir xogando..., porque non pode parar.

## HARRY AND TONTO

HARRY Y TONTO / HARRY E TONTO

### FICHA ARTÍSTICA

Art Carney, Ellen Burstyn, Chief Dan George,  
Geraldine Fitzgerald, Larry Hagman,  
Melanie Mayron, Joshua Mostel

### FICHA TÉCNICA

Dirección Paul Mazursky      Música Bill Conti  
Guión Paul Mazursky      Fotografía Michael Butler  
e Josh Greenfeld      Prod. Twentieth Century-Fox

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1974 / 115 min. / comedia



### PREMIOS

**Oscar 1974** / mellor actor (Art Carney). Dúas nominacións  
**Globos de Duro 1974** / mellor actor de musical / comedia (Art Carney)  
Dúas nominacións

**SINOPSE** Un profesor retirado viúvo e o seu gato abandonan o seu apartamento de Manhattan e emprenden unha viaxe a través dos Estados Unidos.

## THE SUGARLAND EXPRESS

LOCA EVASIÓN / LOUCA EVASIÓN

### FICHA ARTÍSTICA

Goldie Hawn, William Atherton, Ben Johnson, Michael Sacks,  
Gregory Walcott, Louise Latham, Steve Kanaly

### FICHA TÉCNICA

Dirección Steven Spielberg      Música John Williams  
Guión Hal Barwood &      Fotografía Vilmos Zsigmond  
Matthew Robbins      Producción Universal Pictures

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1974 / 109 min. / drama



### PREMIOS

**Festival de Cannes 1974** / premio ao mellor guión  
Nominada á Palma de Duro

**SINOPSE** Un novo presidiario de apenas vinte anos logra escapar do cárcere coa axuda da súa esposa, case unha nena. O que se propón é recuperar o seu fillo, cuxa custodia foi entregada pola lei a unha familia de acollida. O sorprendente é que a fuga se produce a pesar de que a parella ten serias limitacións mentais.

## THE PARALLAX VIEW

### EL ÚLTIMO TESTIGO / A ÚLTIMA TESTEMUNHA

#### FICHA ARTÍSTICA

Warren Beatty, Hume Cronyn, William Daniels, Paula Prentiss, Walter McGinn, Chuck Waters, Kelly Thordsen

#### FICHA TÉCNICA

Dirección Alan J. Pakula      Música Michael Small  
 Guión David Giler &      Fotografía Gordon Willis  
 Lorenzo Semple Jr.      Producción Paramount Pictures

#### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1974 / 102 min. / thriller



**SINOPSE** O xornalista de investigación Joseph Frady (Warren Beatty) e sete xornalistas máis presencian o asasinato dun candidato ao Senado dos Estados Unidos. Cando os seus sete colegas morren accidentalmente, Frady empeza a dudar da versión oficial segundo a cal o autor dos crimes é un tolo que actúa en solitario.

## LENNY

#### FICHA ARTÍSTICA

Dustin Hoffman, Valerie Perrine, Jan Miner, Stanley Beck, Gary Morton, Frankie Man, Rashel Novikoff, Guy Rennie, Michele Yonge, Monroe Myers, John DiSanti, Kathryn Witt, Mickey Gatlin, Martin Begley, Mark Harris, Richard Friedman, Lee Sandman, Jack Nagle, Phil Philbin, Bruce McLaughlin, Ted Sorel, Richard O'Barry

#### FICHA TÉCNICA

Dirección Bob Fosse      Fotografía  
 Guión Julian Barry      Bruce Surtees  
 (teatro: Julian Barry)      Producción United Artists  
 Música Ralph Burns

#### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1974 / 112 min. / drama



#### PREMIOS

**Oscar 1974** / seis nominacións incluíndo mellor película, director, actor [Dustin Hoffman] e actriz [Valerie Perrine]  
**Globos de Ouro 1974** / tres nominacións: mellor director, actriz de drama [Valerie Perrine] e actor de drama [Dustin Hoffman]  
**Festival de Cannes 1974** / mellor actriz [Valerie Perrine]  
**Círculo de Críticos de Nova York 1974** / mellor actriz de reparto [Valerie Perrine]

**SINOPSE** Lenny Bruce é un cáustico humorista que traballa en locais nocturnos de pouca categoría. Pouco despois de coñecer a Honey, unha exuberante bailarina de strip-tease, casa con ela. Durante anos manteñen unha relación tumultuosa que inclúe drogas e sexo pouco convencional, pero acaban separándose. A fama de Lenny como *showman* vai en aumento, pero tamén as denuncias e xuízos que debe afrontar debido ao carácter subversivo do seu humor.

## INSERTS

### FICHA ARTÍSTICA

Richard Dreyfuss, Jessica Harper, Bob Hoskins,  
Veronica Cartwright, Stephen Davies

### FICHA TÉCNICA

Dirección John Byrum                      Producción  
Guión John Byrum                      Film and General Productions  
Fotografía Denys N. Coop

### DATOS TÉCNICOS

Reino Unido / 1974 / 117 min. / drama



**SINOPSE** Ó que fora gran director de películas do cinema mudo, Boy Wonder, agora limitase a facer películas pornográficas mudas na súa decadente mansión. Un día, Big Mac, o produtor dos seus filmes, e a súa noiva Cathy van visítalo e, de paso, prover de heroína á actriz protagonista.

## NASHVILLE

### FICHA ARTÍSTICA

Ned Beatty, Karen Black, Keith Carradine, Ronee Blakley,  
Geraldine Chaplin, Shelley Duvall, Allen Garfield,  
Scott Glenn, Jeff Goldblum, Henry Gibson, Barbara Harris,  
Michael Murphy, Cristina Raines, Lily Tomlin, Keenan Wynn,  
Gwen Welles, Elliott Gould, Julie Christie

### FICHA TÉCNICA

Dirección Robert Altman                      Fotografía Paul Lohmann  
Guión Joan Tewkesbury                      Prod. Paramount Pictures /  
Música Richard Baskin                      ABC Entertainment presenta  
& varios (country)                      a Jerry Weintraub Production

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1975 / 159 min. / drama



### PREMIOS

**Oscar 1975** / mellor canción. Cinco nominacións  
**Globos de Ouro 1975** / mellor canción orixinal. Once nominacións  
**National Board of Review 1975** / mellor película (ex-aequo)  
**Círculo de Críticos de Nova York 1975** / mellor película, director  
e actriz secundaria (Lily Tomlin)  
**David di Donatello 1975** / mellor película estranxeira  
**César 1975** / nominada á mellor película estranxeira  
**Asociación de Críticos de Los Angeles 1975** /  
mellor guión (Joan Tewkesbury)

**SINOPSE** Drama en torno á industria discográfica desa cidade. No fondo é unha sátira da sociedade americana a través da música country.

## SHAMPOO

### FICHA ARTÍSTICA

Warren Beatty, Goldie Hawn, Julie Christie, Tony Bill,  
Lee Grant, Jack Warden, Susanna Moore, George Furth

### FICHA TÉCNICA

Dirección Hal Ashby	Música Paul Simon
Guión Warren Beatty e Robert Towne	Fotografía Laszlo Kovacs Producción Columbia Pictures

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1975 / 112 min. / comedia



### PREMIOS

**Oscar 1975** / mellor actriz secundaria [Lee Grant]. Catro nominacións  
**Globos de Ouro 1975** / cinco nominacións,  
incluíndo mellor película comedia/musical

**SINOPSE** George é o home máis atractivo de Los Angeles, un perruqueiro de Beverly Hills que volve tolas a todas as súas clientas. Animado pola súa moza, Jill, a montar o seu propio salón de peiteado, George recorre a un rico empresario, Lester, para que invista no seu negocio. O único problema é que George se está deitando coa súa muller, a súa amante e a súa filla adolescente...

## AT LONG LAST LOVE

UN LARGO Y DEFINITIVO AMOR / UN LONGO E DEFINITIVO AMOR

### FICHA ARTÍSTICA

Burt Reynolds, Cybill Shepherd, Madeline Kahn,  
Duiño Do Prete, Eileen Brennan,  
John Hillerman, Mildred Natwick

### FICHA TÉCNICA

Dirección Peter Bogdanovich	Fotografía László Kovács
Guión Peter Bogdanovich	Producción
Música Cole Porter	Twentieth Century-Fox

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1975 / 118 min. / comedia



**SINOPSE** Unha famosa cantante de Broadway e un inmigrante italiano simulan un idilio para dar celos ás súas respectivas parellas, un millonario playboy e unha moza sen recursos, que viven un romance.

## THE DAY OF THE LOCUST

COMO PLAGA DE LANGOSTA / COMA PRAGA DE LANGOSTA

### FICHA ARTÍSTICA

Donald Sutherland, Karen Black, William Atherton,  
Burgess Meredith, Richard Dysart, John Hillerman,  
Geraldine Page, Jackie Earle Haley

### FICHA TÉCNICA

Dirección John Schlesinger      Fotografía Conrad L. Hall  
Guión Waldo Salt                      Producción  
(novela: Nathanael West)          Paramount Pictures  
Música John Barry

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1975 / 144 min. / drama



### PREMIOS

**Oscar 1975** / mellor actor de reparto (Burgess Meredith) e fotografía  
**Globos de Ouro 1975** / mellor actriz de drama (Karen Black)  
e actor secundario (Burgess Meredith)

**SINOPSE** Un pintor novo viaxa a Hollywood para traballar como decorador nun gran estudio cinematográfico. Alí namórase de Faye, unha moza que soña co éxito e que prefire relacionarse con persoas que poidan axudala a alcanzar os seus soños.

## BOUND FOR GLORY

ESTA TIERRA ES MI TIERRA / ESTA TERRA É A MIÑA TERRA

### FICHA ARTÍSTICA

David Carradine, Ronny Cox, Melinda Dillon, Gail Strickland,  
John Lehne, Ji-Tu Cumbuka, Randy Quaid, Elizabeth Macey,  
M. Emmet Walsh, Lee McLaughlin

### FICHA TÉCNICA

Dirección Hal Ashby                      Música Leonard Rosenman,  
Guión Robert Getchell                  Woody Guthrie  
(libro: Woody Guthrie)                  Fotografía Haskell Wexler  
Producción MGM

### DATOS TÉCNICOS

Estados Unidos / 1976 / 147 min. / drama



### PREMIOS

**Oscar 1976** / mellor fotografía e banda sonora adaptada  
Seis nominacións  
**Globos de Ouro 1976** / catro nominacións,  
incluíndo mellor película de drama  
**Festival de Cannes 1977** / nominada á Palma de Ouro (mellor película)

